

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e dous de febreiro de dous mil trece, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

D. Julio Pérez Carballo (Grupo Popular) ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 11º da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2013.-

O Sr. presidente preguntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ós borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 25 de xaneiro de 2013, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES FORMULADAS CONTRA A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2013.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia a abstención do seu grupo baseándose en que isto é un dereito dos traballadores e o seu resultado depende do grupo de goberno, sen entrar a debater se os traballadores teñen ou non razón nas súas reclamacións.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, saúda a tódolos presentes e máis en concreto aos veciños e veciñas da Limia que hoxe ocupan o salón de plenos. Lembra que esta proposta pasou pola Mesa Xeral de Negociación e consideran que é a máis correcta desde o punto de vista organizativo e retributivo unha vez escoitados os servizos técnicos e económicos.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Desestima-las reclamacións n.º 1, 2, 7 e 8, e os apartados 3, 4 e 6 da alegación n.º 3, e 1, 3, 4 e 5 da alegación n.º 4 polos motivos consignados na proposta da Presidencia.

2ª) Estima-las reclamacións n.º 5 e 6 e os apartados 1, 2 e 5 da reclamación n.º 3.

3ª) Estimar parcialmente o apartado 2 da alegación n.º 4, no sentido de adscribir un peón da zona de Ourense á granxa do Reino.

4º) Rectificar os erros materiais sinalados nas alegacións n.º 3 e 8.

5º) Aprobar definitivamente, coa incorporación das alegacións estimadas, a Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2013, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO CONVENIO PARA A CREACIÓN DUN FONDO SOCIAL DE VIVENDA .-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, adianta o voto en contra do BNG porque logo da presión social, e despois de varios suicidios máis, o Partido Popular viuse obrigado á última hora a recuar e a dar un xiro total na súa estratexia, votando a favor da tramitación da iniciativa popular contra os desafiuzamentos, logo da recollida de case un millón

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

de sinaturas e da intensísima campaña levada a cabo polos portavoces de diversas asociacións defensoras dos afectados e afectadas, o que permitirá que o texto promovido pola Plataforma de Afectados pola Hipoteca, inicie o seu percorrido parlamentar, que polo que veñen de anunciar PP e PSOE, vai ser polo trámite de urxencia. Aínda así, e valorando o cambio de posición do Partido Popular, o BNG é escéptico porque a admisión a trámite da iniciativa lexislativa popular non implica que o goberno cambie a súa posición ao respecto, de xeito significativo. En xaneiro de 2013 acordouse entre goberno e bancos a creación dun Fondo Social de Vivendas para aloxar a persoas que foron desafiuzadas desde 2008 e que teñan un baixo nivel de ingresos e estean en claro risco de exclusión social. O fondo en cuestión formarase a partir das vivendas que acheguen os bancos, que chegarán ás 6000. As ditas vivendas alugaránselles aos desafiuzados a unhas rendas por baixo do mercado e a un prazo que poderá chegar ata os 3 anos. O reformismo do goberno en materia da normativa relativa aos desafiuzamentos por impago do préstamo hipotecario co que se adquiriu a vivenda continua sendo moi modesto, e aínda que supón un avance, segue a ser a todas luces insuficiente porque o número de vivendas apenas cubre o 1.79% dos casos desafiuzados. A especial vulnerabilidade dos posibles solicitantes limita a 3 anos a idade dun menor que compoñe a unidade familiar (pregúntase por qué 3 anos e non máis). Os arrendamentos irán de 150 a 400 € (semella que 400 € non é unha cantidade pequena para o arrendamento). O acceso das entidades crediticias a datos sensibles, (víctimas de violencia de xénero, ou ter discapacidade, entre outros), que deben estar amparados pola Lei de protección de datos e non deberan coñecelos as entidades de crédito ou outros. O procedemento de adxudicación recae nas entidades quen valorarán as solicitudes. É certo que existe unha Comisión de Coordinación e Seguimento que fai un posterior control de solicitudes e concesións pero ao BNG pareceríalle máis axeitado que fora a dita comisión quen avaliara as solicitudes para maior garantía de obxectividade. O BNG xa avaliou negativamente o decreto aprobado polo goberno do Partido Popular, por restritivo, arbitrario e discriminatorio. Tamén se sumaron moitas voces críticas, mesmo desde o ámbito xudicial, que están a cuestionar o decreto, e que din que este acordo non vai cambiar a realidade dos xulgados nin as débedas dos afectados e afectadas. Toda a xente afectada é vulnerable na medida en que ninguén deixa de pagar unha hipoteca por vontade propia, senón que en practicamente todos os casos estamos a falar dunha situación sobrevida polos efectos da crise e pola situación do paro, que se sitúa no 26% a día de hoxe, polo que todas as persoas que, no caso de vivenda habitual, deixan de pagar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

por causas alleas á súa vontade, deberían poder acollerse a unha moratoria. Agora mesmo o que se fai é insistir na mesma liña do código de boas prácticas que xa demostrou ser un fracaso absoluto. Falando claro, o goberno eludiu establecer unha moratoria de desafiuzamentos eficaz, medida que está a ser unha das exixencias unánime da cidadanía. Tan sequera adoptaron medidas como a que xa se executa noutros países, onde cada ano decretan moratoria inxeneralizada dos desafiuzamentos. Ademais, para esconder unha das claves, a retroactividade, porque qué pasa coas miles de familias desafiuzadas. Os distintos grupos, entre eles o BNG, presentaron durante o tramite parlamentar diversas emendas, que foron debatidas, sendo a destacar as emendas á totalidade presentadas polo PSOE, a Esquerda Plural e o BNG ao proxecto de lei de medidas urxentes para reforzar a protección dos debedores hipotecarios. Pola súa banda, e paralelamente, o BNG no Parlamento de Galiza, propuña unha batería de medidas que incluían a creación dunha bolsa de vivendas para persoas desafiuzadas ou con problemas económicos, así como unha moratoria que se poida traducir de diferentes formas segundo as particularidades dos casos deixando ben claro que, ao contrario do que se recolle no real decreto estatal, todos os casos deben poder acollerse a estas medidas. Non valen medidas publicitarias, nin pequenas modificacións que non aborden o problema de raíz. Hai que darlles solución aos que de forma allea á súa vontade perderon a súa vivenda ou están a piques de perdela. O BNG non aceptará rebaixas nin medidas cosméticas. Os poderes públicos teñen que defender o dereito a unha vivenda e se hai milleiros de casas baleiras e milleiros de familias sen casa, hai que ofrecerlles unha solución. O BNG reclama cambios legais profundos, non un simple retoque, diante dunha normativa procesual, hipotecaria e civil que impide que os xulgados adopten medidas intermedias que ponderen o dereito da entidade financeira acreedora a que lles sexa resarcida a débeda contraída co dereito ao acceso a unha vivenda digna de persoas cuxo incumprimento da obrigaçión de pago vén motivada por causas alleas á súa vontade. En concreto, o BNG propón que nos casos de debedores de boa fe que vexan en risco a súa vivenda habitual, se poida optar á dación en pago, de forma que a perda de valor dos inmobles sexa asumida tamén por parte da entidade. Ademais, reclama procesos de negociación das execucións que conduzan a unha moratoria nos pagos acomodándoos á situación do debedor, á transformación da hipoteca nun aluguer con opción a compra ou a condonación parcial da débeda. O BNG pide tamén cambios no Código Civil e na Lei hipotecaria para que pactos voluntarios ou normas legais poidan alterar o principio de responsabilidade ilimitada do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

debedor, de forma que non se vexa abocado á ruína; así como a modificacións da Lei concursal para que poidan acollerse a ela persoas físicas. Todos estes cambios deben estenderse aos préstamos hipotecarios en trámite de execución anterior á aprobación da norma.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, están de acordo en todo o que implica o cambio da Lei hipotecaria e todo o que leva consigo, pero agora se está a falar dun convenio específico. Adianta que votarán a favor porque entenden que este é un acordo que toma a propia FEMP e a Deputación vai ser a entidade encargada de informar sobre o dito convenio. O seu grupo apoia este convenio pero están de acordo con que hai que cambiar a Lei hipotecaria e que todos fagan un esforzo para evitar este drama dos desafiuzamentos. Outra cousa sería que esta medida que se vai aprobar con este convenio non sexa todo o efectiva que puidera ser, xa que iso pode ser un lavado de cara das entidades bancarias, as cales poderían ser máis flexibles á hora de exercer os desafiuzamentos e así non se atoparían coa cantidade tan grande de vivendas sen ocupar. Pensa que este convenio, mellor ou peor, está aprobado por todos os representantes dos concellos do Estado español, pode servir en parte para paliar un problema, aínda que non concorden con algunha cuestión de cómo se vai regular. Unha vez que se pidan informes a través do servizo de asistencia social e se vexan as necesidades que ten cada familia, a propia Deputación pode xogar un papel esencial á hora de determinar quen son as persoas para as que vai encamiñado este convenio, que é polo que ten que velar esta Deputación. O debate sobre as leis que amparan o que están a facer as entidades bancarias é diferente a este. Reitera o voto a favor do seu grupo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que o Sr. Rodríguez Puga parece que deu lectura á intervención dalgún representante do BNG no futuro debate da iniciativa legislativa popular para a que se recolleron un millón de sinaturas. Hoxe estamos a falar doutra cousa, como ben lembrou o Sr. Gómez Pérez, que é adherirse a un convenio avaliado pola Federación Española de Municipios e Provincias. Como ben se di no propio convenio, o grave deterioro da situación económica dos últimos anos ocasionou un incremento progresivo do número de familias que non puideron, nin poden a día de hoxe, afrontar o pagamento dos seus préstamos hipotecarios, sendo desaloxados das súas vivendas en moitos casos. Esta situación esixe, sen dúbida, a adopción de medias por parte de todos os axentes económicos e sociais. O equipo de goberno da Deputación así o entende e, polo tanto, quere adherirse a este convenio co fin de promover e colaborar na creación, por parte das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

entidades de crédito, de fondos sociais de vivendas no marco da encomenda realizada ao goberno (lembra a disposición adicional única do RDL 27/2012, do 15 de novembro, de medidas urxentes para reforzar a protección dos debedores hipotecarios). Esta é unha das medidas das que fala o real decreto e que xa se falou dela no pleno anterior e que, segundo dicían, non ía servir para nada (igual que se maldicía o Sr. Pérez Rubalcaba por non ter feito nada do que tiña que ter feito). As funcións da Deputación están claramente reflectidas na cláusula sétima en relación coa quinta do convenio, que serán de asesoramento, informe e valoración das situación, colaboración coas entidades de crédito na avaliación e difundir e informar aos cidadáns sobre o obxecto do convenio, que é un paso máis para darlles solucións a moitas familias da nosa terra.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que el falou das eivas que lle ven ao convenio e que fan propostas. Reitera que a iniciativa lexislativa popular nace grazas á presión da cidadanía, porque o Partido Popular non tiña pensado levala adiante no sentido de non tramitala, como si se tramitou a das *touradas*. En todo caso, o BNG o que reclama é que non se contempla a retroactividade, que si se debería contemplar, porque é unha petición da cidadanía. Tamén reclama o BNG que a moratoria dos pagamentos se acomode á situación do debedor, a transformación da hipoteca nun alugueiro con opción a compra ou a condonación parcial da débeda. Pensa que o debate da iniciativa lexislativa popular correspóndelles a outros.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pensa que o seu grupo é consecuente co tema que nos ocupa. En relación con que o Sr. Rubalcaba recoñeceu un erro, pensa que recoñecer erros engrandece ás persoas. A nosa función hoxe é aprobar a adhesión a un convenio que mellor ou peor pode axudar en parte a algunha familia. O certo é que se non se fixera, aínda que non estean de acordo coas medidas que poidan adoptar as entidades financeiras, o que fariamos sería darlles a razón para non facer nada. Pensa que neste sentido non cabe máis discusión, e con respecto á discusión sobre Lei hipotecaria e a todo o que hai que mudar, cre que ese debate terá que ser nos órganos que lles correspondan.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ó Sr. Rodríguez Puga que estamos a falar única e exclusivamente de fondos sociais de vivenda, aínda que na súa primeira intervención recoñecese que algo tiña de positivo pero nin así o poden votar a favor. Lembra que este convenio está avaliado pola Federación Española de Municipios e Provincias,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

que nos representa a todos, outra cousa é que o BNG se sinta representado ou non. Di que se citou ao Sr. Rubalcaba foi porque el mesmo foi o que falou.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la adhesión da Deputación Provincial de Ourense ó convenio para a creación dun fondo social de vivenda, suscrito o 17 de xaneiro de 2013 entre os ministerios de Fomento, Economía e Competitividade e Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Federación Española de Municipios e Provincias, a Plataforma del Tercer Sector e distintas entidades de crédito e asociacións de entidades de crédito españolas, como entidade colaboradora, con expresa aceptación da totalidade de cláusulas e condicións que figuran no dito convenio.

2º.- Facultar á Presidencia para a subscrición do protocolo de adhesión do dito convenio.

4º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO MES DE MARZO DE 2013.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Que a sesión ordinaria correspondente ó mes de marzo de 2013, teña lugar o día 22 de marzo, venres, ás 11.00 horas.

5º.- APROBACIÓN DE MODELOS DE DECLARACIÓN ANUAL DE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E DE BENS DOS DEPUTADOS PROVINCIAIS.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que votarán a favor e manifesta que isto é algo que xa tiña que estar feito desde hai tempo, pois hai un acordo do Pleno da Deputación, a instancias do BNG, para que se fixeran públicos os patrimonios dos deputados e deputadas, algo que a día de hoxe aínda non se fixo. Tendo en conta os numerosos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

casos de corrupción que están a aflorar, pensan que as declaracións deben ser íntegras e non só publicarse un extracto ou resumo, para unha maior transparencia tan necesaria nestes momentos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto favorable do seu grupo e quere que quede claro que foi o Grupo Socialista quen impulsou esta iniciativa hai bastantes meses. Acatarán o acordo ao que cheguen os grupos, porque así se falou, con respecto á forma de articulalo por parte da Deputación. Malia isto, e entendendo os aspectos legais que xa se lles explicaron con respecto á publicación íntegra, como Grupo Socialista e independentemente do que se faga como institución, anuncian que publicarán as súas declaracións íntegras no espazo que teñen como grupo político na páxina web da Deputación, facéndolle caso ao Sr. presidente e inaugurando o dito espazo. Di que isto non é unha medida de presión, senón que é unha invitación para que todos os grupos fagan o mesmo, xa que nestes momentos os políticos deben ter a máxima transparencia, incluso nos seus bolsos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que segundo se fala parece que todos tiñan agochado o patrimonio e as actividades e iso non é así. Quere que todos saiban que cando se toma posesión dun cargo hai que facer a declaración do patrimonio, de actividades e de intereses, tanto na Deputación como nos respectivos concellos e están custodiadas polo Sr. secretario. Non hai moito tempo que se aprobou un Regulamento de Organización e Funcionamento co consenso de todos os grupos políticos e as normas teñen que ter estabilidade e permanencia no tempo. Parécelle ben o que dixo o Sr. Gómez Pérez, voluntariamente cada un pode publicar o que queira, como se quere publicar a marca da roupa que utiliza. Os modelos que se aproban hoxe están consensuados entre todos e a publicación do resumo ou non tamén se consensuará, como se quedou de facer na Xunta de Portavoces. A partir de aquí, cada un que publique o que queira publicar, pero o Grupo Popular respectará o recollido no Regulamento de Organización e Funcionamento da Deputación Provincial, recentemente aprobado.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, cre que foi claro na súa intervención anterior. O Grupo Socialista vai respectar o Regulamento, pero os tempos cambian e as necesidades cambian, e os cidadáns están pedindo que se fagan públicos os bens. O seu grupo vai publicar íntegras as declaracións, independentemente do que faga esta institución como tal. Sabe que lle hai que entregar ao secretario de cada institución unha declaración dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

bens, pero non é o mesmo que os bens que ten cada un os controle o Sr. secretario a que os controlen os cidadáns. Invitan a todos a publicar integramente as súas declaracións, igual que vai facer o seu grupo, incluso como fixo o Sr. presidente da Xunta no día de onte e outros presidentes autonómicos e autoridades de maior rango que os deputados provinciais.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que se está dando a entender que os deputados do Grupo Popular non queren publicar os seus bens, e iso non é así. O seu grupo vai publicar os bens conforme se recolle no Regulamento, se alguén quere publicar máis que decida por si mesmo. Alguén dicía estes días que o que se declara é o que se quere declarar e o que non se quere declarar non se declara, entón hai que deixarse de demagoxias porque aos cidadáns xa non se enganar.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-los modelos de declaración anual de causas de posible incompatibilidade e de bens dos deputados provinciais, que se unen a este documento.

2º.- A declaración utilizando os novos modelos presentarase ante a Secretaría Xeral, para a súa inclusión nos rexistros correspondentes e para a súa publicación na sede electrónica da Deputación, nos termos previstos no artigo 12 do Regulamento Orgánico, antes do 15 de marzo de 2013.

3º.- As declaracións actualizaranse anualmente nos termos previstos no apartado 3 do artigo 12 do Regulamento Orgánico.

SECRETARÍA	DECLARACIÓN REXISTRO DE INTERESES Bens patrimoniais	SELO DO REXISTRO
-------------------	--	-------------------------

I.- DATOS PERSOAIS DO DECLARANTE

Nome e apelidos:		
DNI:	Profesión:	Teléfono:
Domicilio:	Veciñanza, municipio:	Provincia:

II.- DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS

1.- Inmobles urbanos						
Clase e características (vivienda,	Situación	Data de adquisición	Título de adquisición	N.º referencia catastral	N.º inscrición Rexistro da Propiedade	Valor catastral

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

garaxe, predio)						
2.- Inmubles rústicos						
Clase e características	Situación	Data de adquisición	Título de adquisición	N.º referencia catastral	N.º inscrición Rexistro da Propiedade	Valor catastral
3.- Dereitos reais sobre bens inmubles:						
Descrición	Situación	Data de adquisición	Título de adquisición	N.º referencia catastral	N.º inscrición Rexistro da Propiedade	Valor catastral
4.- Valores mobiliarios: títulos e participacións¹						
Descrición	Entidade emisora	N.º título	Data adquisición	Valor nominal		
5.- Accións en sociedades de capital						
Número	Data de adquisición	Valor nominal	Sociedade emisora			
6.- Participación en sociedades de capital						
Número	Data de adquisición	Valor nominal	Razón social			
7.- Depósitos de capital						
Contía			Entidade depositaria			
8.- Plans de pensións						
Entidade xestora			Fondo acumulado			
9.- Seguros de vida e/ou pensión						
Entidade aseguradora			Capital garantido			
10.- Vehículos ou embarcacións:						
Marca		Modelo		Matrícula		

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

11.- Outros bens mobles de especial relevancia:		
12.- Operacións de crédito pendentes de amortizar:		
Tipo de operación	Capital pendente	Tipo de xuro
13.- Cargas ou gravames sobre bens ou dereitos referenciados nesta declaración		
Bens ou dereitos afectados	Carga ou gravame	Valor
14.- Base imponible da declaración do IRPF correspondente ó último exercicio declarado:		
15.- Cota líquida:		
16.- Base imponible da declaración do Imposto do Patrimonio correspondente ó último exercicio declarado:		
17.- Cota líquida:		
18.- Información sobre as sociedades participadas polas sociedades de que é socio o declarante:		

Desta declaración de bens patrimoniais publicarase un resumo na sede electrónica da Deputación Provincial, conforme co establecido no artigo 12.1.b) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense.

DATA:

Asdo. O declarante,

¹ Cubrirase este apartado unicamente para os valores mobiliarios que non teñan encaixe noutros apartados desta declaración.

SECRETARÍA	DECLARACIÓN REXISTRO DE INTERESES Incompatibilidades e actividades	SELO DO REXISTRO
-------------------	---	-------------------------

I.- DATOS PERSOAIS DO DECLARANTE

Nome e apelidos:		
DNI:	Profesión:	Teléfono:
Domicilio:	Veciñanza, municipio:	Provincia:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

II.- DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

A.- POSIBLES CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE (artigos 202 e 203 Lei orgánica de réxime electoral xeral)		
B.- ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS		
1.- Exercicio de profesións liberais, actividades mercantís, industriais ou outras actividades por conta propia:		
2.- Postos de traballo en entidades do sector público:		
Entidade	Posto de traballo	Natureza da relación (funcionario, laboral ou persoal eventual)
3.- Postos de traballo no sector privado:		
Empresa	Posto de traballo	
4.- Outras actividades ou intereses privados que poidan afectar ou estar en relación co ámbito de competencias da Corporación:		

Esta declaración de intereses e actividades publicarase integramente na sede electrónica da Deputación Provincial, conforme co establecido no artigo 12.1.a) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense.

DATA:

Asdo. O declarante,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

6º.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2013.-

O Sr. secretario dá lectura a unha emenda da Presidencia con respecto ó ditame da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, consensuada na reunión da Xunta de Portavoces, relativa a permitirlles aos concellos contratar as obras por delegación e unha emenda de tipo transaccional no relativo á cláusula oitava, substituíndo no seu parágrafo segundo a expresión “no último exercicio liquidado” por “na liquidación do exercicio 2011”.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto favorable do seu grupo. Entenden que esta Deputación, á que felicita, fai un esforzo importante, pero é porque quen deixou de facer o esforzo foi o goberno central, deixando aos concellos nunha situación aínda máis grave. Recoñece que se a Deputación non se fai cargo deste plan de obras non habería nada que ofertarlles aos veciños. Nestas bases tivéronse en conta as emendas que formulou o Grupo Socialista, no sentido de que os concellos poidan ter a posibilidade de utilizar o diñeiro que achega a Deputación noutro tipo de cuestións dedicadas aos servizos básicos (servizos sociais ou outros) ou no sentido de que os concellos poidan contratar as obras por delegación. En canto ao plan de estradas o seu grupo pensa que ten que haber un plan global que recolla as verdadeiras necesidades desta provincia. Por exemplo, en Vilamartín de Valdeorras hai un grave problema cunha estrada desde hai anos e se houberse un plan global xa estaría resolto e o que estamos facendo é que cada ano se fagan pequenos remendos en cada estrada e en cambio hai outras que levamos 20 anos intentando arranxalas. Instan ao grupo de goberno a que se para o ano que vén hai posibilidade de seguir facendo estas achegas, o plan de estradas sexa consensuado entre todos e sexa un plan global.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, está satisfeito de que as bases deste plan pioneiro se aproben co apoio de todos os grupos e de que ante as necesidades polas que atravesan os concellos da provincia poder darlles a posibilidade de dedicar as achegas da Deputación para a amortización de débeda ou para cubrir gastos correntes de servizos básicos, sempre e cando na liquidación do exercicio 2011 haxa un aforro neto negativo ou un resultado orzamentario axustado negativo. Este ano é posible facer este plan porque o Sr. presidente se esforzou, e espera que as cousas melloren e que para o ano que vén sexa tamén

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

posible. Con respecto ao plan de estradas, está de acordo co que dixo o Sr. Gómez Pérez, pero os fondos son os que son e a Deputación ten que financiarlo ao 100% e será elaborado á vista das solicitudes que fagan os concellos e valoradas polos servizos técnicos da Deputación.

O **Sr. presidente** manifesta que este plan provincial supón un importante esforzo para a Deputación logo de quedar sen o financiamento estatal, e que neste ano 2013 recollen unha innovación para os concellos que teñan unha difícil situación financeira.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a aprobación das mencionadas bases, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2013, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2013.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2013. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2013 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, así como no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O orzamento mínimo de cada obra será de 30.000 €. Non se autorizarán, baixo ningún concepto, solicitudes por importe menor.

3. O Plan Provincial 2013 financiarase coas achegas da Deputación Provincial e dos concellos interesados (no caso de obras municipais) de conformidade coa seguinte distribución:

Obras municipais:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

- Deputación Provincial: 75,00 %
- Concellos: 25,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

4. Non obstante, no caso das obras municipais, no suposto en que os concellos desexen voluntariamente incrementa-lo importe das súas achegas, incrementando o investimento, poderán facelo, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente, no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

5. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2013 será a seguinte:

- a) Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 1.200.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 1.200.000,00 €

- b) Investimento total previsto en obras municipais: 3.758.300,00 €

Subvención Deputación obras municipais (75,00 %): 2.818.725,00 €

Achega mínima dos concellos para obras municipais (25,00 %): 939.575,00 €

6. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectúase mediante a asignación, a cada concello de menos de 20.000 habitantes, dunha cota alícuota de investimento subvencionado conforme coas porcentaxes establecidas no apartado 3.

Por conseguinte, o investimento en obra municipal para cada concello será o seguinte:

Investimento total por concello: 41.300,00 €

Subvención provincial: 30.975,00 € (75,00 %)

Achega municipal: 10.325,00 € (25,00 %)

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 4, poderán incluírse investimentos de contía superior a 41.300,00 €, correspondentes á mesma obra subvencionada ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

En todo caso, é requisito indispensable para a inclusión das obras no Plan Provincial que os concellos acheguen, como mínimo, o 5 % do investimento e unha cantidade non inferior a 10.325,00 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

7. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 41.300,00 €, para a utilización de remanentes producidos polas baixas nas licitacións ou por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma, e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª.

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación, e deberán ter entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación ata o 20 de marzo de 2013 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, acordando a solicitude da inclusión das obras. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia, non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 20 de marzo de 2013, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 1 de abril de 2013, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.
- Modelo de solicitude, debidamente cuberto.
- Declaración de se os terreos onde haberán de realizarse as actuacións están ou non incluídos nas zonas Lic ou ZEPA da Rede Natura 2000 desta provincia. De non achegarse tal declaración, presumirase que os terreos non están incluídos nas ditas zonas.

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a) A denominación das obras debe ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións contidas no correspondente proxecto (con expresa referencia ás principais unidades de obra

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.

- b) Nos proxectos plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
- c) Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.
- d) Cando un mesmo proxecto recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).
- e) No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2013, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Plans Provinciais, Vías e Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria de 26 de abril de 2013.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarlles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

5ª) Execución do Plan Provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial corresponderalle á Deputación Provincial. Non obstante, no caso das obras municipais, a competencia poderá delegarse nos concellos que o soliciten, de conformidade coas regras establecidas na base 7ª.

A execución das obras do Plan Provincial levarase a cabo mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público. Só excepcionalmente, e sempre que se xustifique a concorrencia dos supostos previstos legalmente, se autorizará a execución de obras por administración, que en ningún caso implicará minoración da achega municipal correspondente.

A Deputación Provincial e os concellos deberán adxudicar as obras (ou ben acordar a súa execución por administración) antes do 1 de decembro de 2013 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 1 de decembro de 2014; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo de tres anos a contar desde a data da súa adxudicación ou, de ser o caso, do acordo de execución por

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

administración.

Delégase nos concellos a competencia para a contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a dirección facultativa das obras e a dirección e coordinación de seguridade nas obras municipais. A solicitude de inclusión de obras municipais no Plan implicará a aceptación desta delegación polos concellos. O custe de financiamento dos ditos contratos corresponderalles en exclusiva ós concellos.

Non obstante o anterior, os concellos poderán solicitar da Deputación asistencia técnica para a redacción dos proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das obras incluídas no plan, así como a execución de obras por administración coas brigadas provinciais, a cal se concederá en función da capacidade do persoal dispoñible na Deputación e da natureza das actuacións propostas, autorizándose caso por caso por estrita orde cronolóxica de recepción das peticións no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Ourense. A autorización concederase pola Presidencia, notificándose nun prazo máximo de 10 días desde a data da recepción. En caso de non recibirse ningunha comunicación no dito prazo, o concello solicitante poderá entender desestimada por silencio a súa solicitude.

6ª) Execución das obras pola Deputación Provincial:

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial, en todo caso, e ás dos concellos que non soliciten delegación ou lles sexa denegada esta.

2. Para a execución das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 14 de xuño de 2013, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do proxecto técnico correspondente –admitíndose a simplificación, redución e supresión dos documentos obrantes nel, nos termos previstos no artigo 123 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro-, aprobado polo órgano municipal competente, para a súa supervisión pola Oficina provincial de Inspección de Proxectos e Supervisión de Obras do Servizo de Vías e Obras, que haberá de pronunciarse, se é o caso, sobre a suficiencia da documentación presentada para a definición, valoración e execución da actuación. Para estes efectos, se é o caso, os concellos deberán proceder coa maior brevidade posible á corrección das deficiencias advertidas no trámite de supervisión.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente poñendo á disposición da Deputación Provincial os terreos necesarios para a execución das obras.
- Efectua-lo ingreso a favor da Deputación Provincial do importe da achega municipal ó financiamento da obra. O dito ingreso poderá ser substituído pola constitución de garantía en favor da Deputación Provincial, en metálico, mediante aval bancario, contrato de seguro de caución ou mediante autorización para detraer-las cantidades correspondentes da recadación delegada na Deputación Provincial dos tributos municipais, polo importe total da achega e nas condicións que sinale o Servizo de Intervención. Aplicaranse as normas que rexeron en exercicios anteriores para os concellos morosos nas súas achegas a obras de planos provinciais.
- Remisión da acta de replanteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.
- Designación do director técnico de obra, no caso de que tal servizo sexa prestado por un facultativo distinto do redactor do proxecto.

7ª) Execución delegada de obras polos concellos:

1. A Deputación concederálle-la delegación da competencia para a execución das obras municipais ós concellos que a soliciten, conforme ás seguintes regras:

- a) Os concellos solicitarán a delegación da competencia para a contratación das obras, mediante solicitude formulada polo órgano competente, coa que se achegará o proxecto técnico correspondente.
- b) Agás nos casos previstos no apartado d), a Deputación concederá a delegación, unha vez supervisado o proxecto e, se é o caso, corrixidas as deficiencias que puidesen advertirse neste.
- c) A delegación outorgarase, como regra xeral, para a execución das obras mediante a súa contratación. No caso de que se solicite a delegación para a execución da obra por administración, o concello deberá acreditar suficientemente a concorrencia dos supostos nos que a lexislación vixente autoriza a utilización deste procedemento excepcional.
- d) A Deputación denegará a delegación de competencias nos casos seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

- Cando non se acredite suficientemente a concorrencia dos supostos legalmente previstos para a execución das obras por administración.
- No caso dos concellos que incumprisen gravemente as condicións establecidas para execución de obras delegadas en exercicios anteriores.

2. Na execución das obras delegadas, os concellos deberán observar estritamente as regras e prazos establecidos na base 5. Para estes efectos, deberán cumprir-las obrigas de remisión de información e documentación ó Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación nos prazos que se sinalen na resolución de delegación. Para tal fin, solicitaránselles expresamente estes datos e cada concello, en relación con cada obra que se inclúa.

3. A dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das obras executadas por delegación - sen prexuízo do establecido na base 5- serán por conta dos concellos, mediante designación de facultativos competentes. Para estes efectos, os concellos deben ter en conta que a Xunta Consultiva de contratación administrativa considera improcedentes as cláusulas polas que se lles impoña ós adxudicatarios de obras o pagamento dos honorarios de dirección delas.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicaralle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais do importe equivalente á achega provincial ás obras municipais (30.975,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro do ano en curso mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2011 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

2º.- Ordenar a publicación das bases no BOP de Ourense, para coñecemento dos concellos interesados.

7º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA ÓS DANOS COLATERAIS PRODUCIDOS POLAS OBRAS DO AVE EN DISTINTOS CONCELLOS DA PROVINCIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que defenda o contido da moción

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *“Actualmente están a desenvolverse obras en distintos concellos da provincia para a construción da Plataforma da liña do AVE Lubián-Ourense, que están a xerar graves problemas nas distintas infraestruturas, co conseguinte perigo para a seguridade viaria e por ende para a integridade física de moitos veciños e veciñas que transitan por elas. O paso de camións de gran tonelaxe pola trama urbana de moitos concellos, Xunqueira de Ambía, Molgas ou A Gudiña, así como polas vías provinciais e locais, están a xerar problemas de evidente inseguridade para os veciños ademais dun deterioro notable das infraestruturas viarias, feito que se ten agravado coas choivas caídas nos pasados días. Iso sen contar que as devanditas obras están a producir danos colaterais en regatos, pozos e mesmo alteración do ecosistema, tal como acontece en distintas zonas, cualificadas como protexidas, dos concellos polos que atravesa a liña. É evidente que unhas obras desta dimensión ocasionan, necesariamente, molestias, pero as administracións deben calibrar o impacto producido para preservar a integridade e a seguridade dos seus cidadáns. Nese sentido, faise necesario, dado o estado calamitoso das múltiples infraestruturas que están sendo utilizadas polas concesionaria, e tendo en conta que os contratos aprobados polo Goberno do Estado conteñen as actuacións necesarias para a execución das obras de infraestructura, así como movementos de terra, obras*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

de drenaxe, estruturas, túnel, reposición dos servizos e servidumes afectados, incluíndo as conexións transversais que aseguran a permeabilidade viaria da liña. Por todo o anterior, o grupo provincial do BNG solicita a adopción por parte do Pleno da corporación do seguinte acordo: 1.- Instar ao Ministerio de Fomento para que elabore, á maior brevidade posible, un mapa do estado actual das infraestruturas da súa competencia, e ao mesmo tempo busque unha solución técnica que evite o tránsito de vehículos pesados polo núcleo de A Gudiña. 2.- O Pleno de Deputación insta ao Ministerio de Fomento para que demande das concesionarias a reposición, con carácter urxente, das infraestruturas danadas, xa que moitas delas se atopan nun estado de deterioro tal que afecta á seguridade viaria e á integridade das persoas. 3.- O Pleno da Deputación, en aplicación da ordenanza do uso e defensa das estradas provinciais, e trala elaboración dun informe técnico do estado das vías afectadas, obrigaralles ás concesionarias a efectuar cantas obras de reposición sexan necesarias nos tramos que ofrezan unha maior perigosidade para a seguridade viaria. 4.- A Deputación esixirá das concesionarias cantos medios materiais e humanos sexan precisos para mellorar a seguridade viaria nas zonas que ofrecen un maior perigo, e de xeito singular nas travesías dos concellos de Xunqueira e Molgas, por onde transitan vehículos de grandes dimensións. 5.- A Deputación porá a disposición dos concellos os equipos técnicos necesarios para avaliar o impacto que as obras están a provocar nas distintas infraestruturas locais e, consecuentemente, as solucións técnicas precisas. 6.- A Deputación insta ao Ministerio de Fomento, facendo o propio a través do servizo de Vías e Obras, a que ao remate das obras se faga unha avaliación exhaustiva dos danos ocasionados, esixindo das concesionarias a reposición das infraestruturas ao seu estado primitivo”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, saúda a todos e tamén aos veciños da Limia que hoxe se encontran no salón de sesións. Manifesta que calquera que pase polas estradas nacionais, autonómicas e provinciais ao carón das obras do AVE que se están levando a cabo nesta provincia, pode observar o lamentable estado no que se atopan. O trazado do AVE, ademais de afectar gravemente a paisaxe, os mananciais e incluso a servidume de paso dos veciños e veciñas, tamén ten unha incidencia negativa moi importante no mantemento das diferentes vías de comunicación, que non están deseñadas para poder aguantar a tonelaxe que soportan a día de hoxe, o que está creando un problema de acceso en vías principais e tamén en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

travesías urbanas, como ocorre na nacional 525 dentro do caso urbano da Gudiña, o mesmo que noutros concellos como Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Laza, entre outros. O tránsito urbano destas localidades está moi afectado polo paso constante de camións de gran tonelaxe, algo que nalgún caso resulta inevitable. Todos somos conscientes de que as obras do AVE están dinamizando en moitos concellos directamente, e noutros de forma indirecta, a parálise económica na que está sumida a provincia de Ourense, pero os veciños non teñen por que sufrir a desidia das empresas construtoras que ignoran os arranxos ou o mantemento cando o deterioro é grave, a pesar das continuas súplicas de alcaldes, asociacións de veciños e particulares. Estamos a falar en moitos casos de estradas da rede viaria provincial, que é unha competencia desta casa. Ao grave deterioro das obras hai que engadir as incidencias climatolóxicas do inverno propias desta provincia en zonas de montaña, onde a plataforma do AVE transcorre entre túneles e viadutos. Estamos a falar de estradas que están nos concellos de Vilar de Barrio, Laza, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, etcétera, incluso na Gudiña. Desde o Grupo Socialista reclámanlle ao Sr. presidente que pida que o aval ou a fianza que depositan as empresas que traballan no AVE, sexa para realizar, á maior brevidade posible, as devanditas obras, igual que tamén se teñan que solicitar os permisos necesarios por parte das construtoras. Anuncia o apoio do Grupo Socialista á moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, anuncia que van votar a favor das propostas que se presentan na moción. Pensan que este problema é moi complexo na estrita legalidade, porque hai varios tramos de AVE e hai un montón de subcontratistas, pero de todos modos aínda que o problema sexa complexo non se pode abandonar e hai que estar enriba del e os servizos técnicos da Deputación xa están traballando nese sentido e tamén a Presidencia como é a súa obriga. Dá lectura a un informe dos servizos técnicos da Deputación, onde se pon de manifesto que se está actuando na medida do posible neste problema, co seguinte contido resumido: Na actualidade, as estradas da Deputación que están afectadas pola construción do tramo Ourense-Lubián, son as seguintes: Xunqueira de Ambía-Polígono de San Cibrao; Allariz-Maceda, Baños de Molgas-Arnuide, Pereiras-Taboadela, Vilar de Barrio-Os Milagres, Xinzo-Vilar de Barrio. En menor medida e dende hai pouco tempo: Xunqueira-Piñeira, Xunqueira-Casasoá, Cervedelo-Estación de Prado, Cervedelo-Camba e Campobecerros-Veiga Nostre. O primeiro grupo de estradas é utilizado indistintamente dende xaneiro de 2011, polos seguintes contratistas de ADIF: UTE AVE Porto-Miamán, UTE AVE

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

Miamán-Ponte Ambía, Ponte Ambía-Taboadela. Dende setembro de 2012 utilízanse o segundo grupo de estradas polos mesmos contratistas e ademais pola UTE Túnel-Prado e pola UTE Cerdedelo-Prado. Presentáronse avais por cambios de trazado e uso de viarios provinciais: a UTE AVE Porto-Miamán: 90.000.- €; a UTE AVE Miamán-Ponte Ambía: 21.000.- € e Ponte Ambía-Taboadela: 70.000.- €. Nestes intre as accións que se desenvolven dende Vías e Obras son as seguintes: Un vixiante de obras asignado única e exclusivamente para as tarefas de vixilancia das estradas provinciais utilizadas por ADIF. Solicitude de ampliación de avais ás empresas que xa comezaron, no seu día, xustificándoo nun aumento do deterioro das estradas. Solicitude de novos avais aos novos contratistas de ADIF. Informe de ADIF cos avais presentados polos seus contratistas e valoración de todos os custos de reparación de todas as estradas afectadas, para a súa aprobación. Instalacións puntuais de limitación de peso en algunhas estradas debido á inhibición das empresas construtoras na solución dos problemas que causan. Reitera que este é un problema moi complexo, pero os servizos técnicos da Deputación, coordinados polo Sr. presidente, están traballando continuamente no asunto.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que ninguén dubida da complexidade do problema nin dos concellos aos que afecta. El forma parte dun concello onde hai tres concesionarias nunha obra que cruza o concello dun lado a outro. Mostra unhas fotografías de estradas afectadas polas obras. Os informes están ben emitidos e o aumento dos avais é importante, pero a realidade é que diariamente por esas estradas circulan veciños e veciñas afectados e demais usuarios e a raíz do problema é que hai que solucionar eses danos e non esperar a que ocorra unha desgraza. En canto ao incremento dos avais parécelle que ningún deses avais chegará aos 100.000 euros, e pregúntase canto custaría, non o bacheado dunha estrada debilitada e non facer un aglomerado novo, senón o levantamento da capa de rodadura enteira, é dicir, levantar todo no que se asenta o asfalto e facelo de novo, porque o problema da tonelaxe é que debilita a estrutura das estradas e esas estradas nos están acondicionadas para a tonelaxe que soportan, polo tanto eses avais non van chegar para solucionar os danos causados. Con respecto á sinalización, di que de pouco serve que se limite a tonelaxe no núcleo de Vilar de Barrio e se desvíe por pistas de concentración parcelaria que tampouco están deseñadas para soportar esas tonelaxes, desfacendo as ditas pistas e dificultando o acceso de usuarios das parcelas. Agradecen a sensibilidade neste tema e aplauden que os tres grupos estean de acordo,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

pero hai que ter claro que este problema hai que solucionalo xa, e non pasa por pedir informes, senón en actuar o antes posible.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, reitera o apoio á moción e engade que no pasado verán, na estrada que vai desde Vilar de Barrio a Maceda, a Deputación cortou o tráfico porque se estaban producindo graves danos. As empresas adxudicatarias, que neste caso son grandes empresas, son as responsables civís subsidiarias das subcontratas que se fan. Desde o Grupo Socialista piden que se reitere a solicitude de que se amplíen os avais e que se proceda ao arranxo e á reparación destas vías.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que dá a sensación de que o Sr. Iglesias Pérez parece que non quere que o grupo de goberno apoie á moción. É unha realidade que as molestias son moitas e crecentes, e pregunta se as hai que reparar xa. A Deputación vai seguir atenta ao que pase e tratará de incrementar os avais. Espera que ao final todo quede resolto, porque se nos metemos en preitos igual nos xubilamos sen saber quen é o responsable que ten que repara-las estradas.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, en canto á pregunta que formulou o portavoz do Grupo Popular responde preguntando se lle hai que dicir aos veciños que esperen a que rematen as obras do AVE para arranxa las estradas. Non ten unha resposta técnica xa que para iso están os técnicos, pero pensa que o máis lóxico sería intentar paliar habitualmente eses danos para que o tránsito rodado sexa menos perigoso, e hai que ser claros coas empresas para que fagan unha obra detallada e non só un simple parcheado. Opina que hai que arranxar as estradas e non esperar a que rematen as obras do AVE.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1.- O Pleno da Deputación insta ao Ministerio de Fomento a que elabore, a maior brevidade posible, un mapa do estado actual das infraestruturas da súa competencia, e ao mesmo tempo busque unha solución técnica que evite o tránsito de vehículos pesados polo núcleo de A Gudiña.
- 2.- O Pleno de Deputación insta ao Ministerio de Fomento a que demande das concesionarias a reposición, con carácter urxente, das infraestruturas danadas, xa que moitas delas atópanse nun estado de deterioro tal que afecta á seguridade viaria e a integridade das persoas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

3.- O Pleno da Deputación, en aplicación da ordenanza do uso e defensa das estradas provinciais, e tras a elaboración previa dun informe técnico do estado das vías afectadas, obrigará ás concesionarias a efectuar cantas obras de reposición sexan necesarias nos tramos que ofrezan unha maior perigosidade para a seguridade viaria.

4.- A Deputación esixirá das concesionarias cantos medios materiais e humanos sexan precisos para mellorar a seguridade viaria nas zonas que ofrecen un maior perigo, e de xeito singular nas travesías dos concellos de Xunqueira e Molgas, por onde transitan vehículos de grandes dimensións.

5.- A Deputación porá a disposición dos concellos os equipos técnicos necesarios para avaliar o impacto que as obras están a provocar nas distintas infraestruturas locais e, consecuentemente, as solucións técnicas precisas.

6.- A Deputación insta ao Ministerio de Fomento, facendo o propio a través do servizo de Vías e Obras, a que ao remate das obras se faga unha avaliación exhaustiva dos danos ocasionados, esixindo das concesionarias a reposición das infraestruturas ao seu estado primitivo.

8º.- MOCIÓN DO BNG EN CONTRA DUNHA EXPLOTACIÓN MINEIRA DE FELDESPATOS NA LIMIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga, para que defenda o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o asunto desta moción ten que ver coa Comarca da Limia e, aínda que tarde, dálles a benvida aos veciños desa comarca que hoxe están no salón de plenos. A continuación dá lectura á moción, co seguinte contido: *“O xoves, 17 de xaneiro, apareceu publicado no Diario Oficial de Galicia n.º12 o anuncio de información pública do “Proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e plan de restauración da concesión de explotación derivada do permiso de investigación Faramontaos, n.º 5089.1”. Este anuncio deixa ben ás claras a intención da empresa de levar adiante a iniciativa malia á oposición frontal dos veciños e veciñas dos pobos afectados, sintetizada mediante a recollida de varios centos de alegacións e plasmada nun acordo plenario unánime de rexeitamento aprobado o 19 de xullo de 2012. Trátase dunha explotación mineira de feldespatos a ceo aberto mediante un sistema de dragado ata un máximo de 15 m de profundidade e que prevé un investimento de 1,2 millóns de euros para crear dez postos de traballo. A concesión estenderíase ao longo de 30 anos afectando en diferentes fases a un total*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

de 396 hectáreas de terreo cultivábel nas inmediacións dos núcleos de San Pedro, Laroá, Fiestras, Moreiras e Paredes. Cómpre salientar que ao remate do aproveitamento estas parcelas serán irrecuperábeis para o seu uso agrícola xa que o proxecto de restauración contempla que queden en forma de lagoas. A planta de tratamento estará escasamente a 600 m do pobo de San Pedro e funcionará as 24 horas do día en tres quendas de traballo atendida por dous operarios. Os labores de extracción da draga realizaranse a unha única quenda. Para o grupo provincial do BNG estase diante dunha cuestión de extrema gravidade ao afectar directamente a un pilar básico da comarca como é o agro, dada a agresividade do proxecto, e que non se xustifica de ningún xeito no impacto na economía local, que será ridículo cando non absolutamente negativo. Tendo en conta o impacto negativo que este proxecto vai xerar no eido económico, ambiental, social e agropecuario para a comarca da Limia. Tendo en conta que o prazo para alegacións é de 30 días hábiles, e que este remata xusto o día antes da celebración do Pleno, e polo que solicitamos a adopción, por parte do Pleno da Corporación do seguinte acordo: 1.- O Pleno, valida e ratifica o ditame da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, que acorda demandar un informe dos servizos técnicos e xurídicos desta casa, aos efectos de presentar alegacións ao devandito proxecto Faramontaos 5089.1, en tempo e forma, diante da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellaría de Economía e Industria. 2.- O Pleno insta á Xunta de Galiza a realizar as seguintes actuacións en relación co expediente de solicitude de aprobación de aproveitamento mineiro Faramontaos 5089, realizada pola empresa Minercer SL: a.- Ampliar o prazo de información pública previsto no artigo 21 da Lei 3/2008 á vista da falta de información da que a día de hoxe dispoñen as persoas afectadas para poderen realizar as súas alegacións e facilitar, a través tanto das oficinas da propia administración galega como dos concellos afectados, toda a información dispoñíbel ás persoas e entidades interesadas para que poidan realizar as súas alegacións. b.- Que polo órgano con competencias medioambientais, baseándose nos criterios e razóns que no seu día xustificaron a declaración da ZEPA da Limia, se emita informe negativo en relación coa dita autorización por supoñer unha alteración do hábitat protexido. c.- Que a Consellaría do Medio Rural, baseándose nos datos da actividade agraria que se desenvolve nestes concellos, do seu elevado grao de intensificación, do seu valor na economía local e na creación de emprego, en definitiva da inequívoca vocación agraria destes terreos, se emita en sentido negativo á dita autorización o informe previsto no artigo 23 da Lei 3/2008. d.- Á que á vista das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

repercusións negativas resolva o expediente denegando a solicitude de aproveitamento mineiro solicitado para os concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras. 3.- O Pleno da Deputación insta aos grupos de goberno dos concellos de Xinzo e Trasmiras á denegación da preceptiva licenza urbanística municipal indispensable para iniciar a explotación mineira, no caso de que a Xunta de Galiza, finalmente, decidira autorizar o devandito proxecto". Engade que lles gustaría escoitar as opinións dos alcaldes da comarca que son deputados provinciais e que manifesten, nomeadamente o alcalde de Xinzo de Limia, a posición inicial do concello co acordo unánime adoptado no seu momento, ou se defende o non acudir ás reunións convocadas pola plataforma de afectados ás que non ten acudido.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que Galicia é unha mina, e que ese parece ser o slogan da Dirección Xeral de Minas da Consellería de Industria da Xunta de Galicia que temos a día de hoxe. Son moitos os alcaldes do Partido Popular que se pronuncian en contra de proxectos de concesións extractivas na provincia de Ourense (nas demais tamén), algúns xa teñen preparadas as alegacións a diversos proxectos que buscan minerais estratéxicos en diferentes puntos da provincia. Para empezar polo principio cita unhas palabras da presidenta da plataforma Corno do Monte, recentemente creada, que empezaba a súa intervención do seguinte xeito: *Constitución Española, artigo 33. 1.- Se reconoce el derecho a la propiedad privada y a la herencia. 3. Nadie podrá ser privado de sus bienes y derechos sino por causa justificada de utilidad pública o interés social, mediante la correspondiente indemnización y de conformidad con lo dispuesto en las leyes.* Continúa dicindo que o proxecto de instalación mineira que se pretende no Concello de Xinzo de Limia e que afecta a varios pobos xa mencionados, denominado Faramontaos 5089.1 por parte da empresa MINICER SL, con domicilio social en Villareal, Castellón, e que está en fase de exposición pública para alegacións, creen que se trata dunha clara vulneración dos dereitos dos veciños/as da zona, que verán afectadas as súas propiedades, o seu medio de vida, e o futuro de fillos e netos, hipotecando proxectos vitais de xente que lexitimamente decide vivir no rural. A Xunta de Galicia está tramitando concesións de dereitos mineiros a particulares e empresas de outras provincias, que pretenden levar materias primas para crear postos de traballo fora de aquí, e valor engadido noutros territorios, polo tanto espoliando os recursos mineiros da nosa terra, a prezo de saldo, para non xerarlles ningún beneficio aos veciños afectados. O goberno do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

Sr. Feijoo foi elixido para solucionar os problemas dos galegos (dos ourensáns tamén) a pesar de que os recortes de toda índole poñen a esta provincia no furgón de cola, como moitos dos seus alcaldes recoñecen abertamente. O goberno da Xunta, foi elixido para garantir os dereitos dos galegos (dos ourensáns tamén), e os da Limia moito mais, sobre todo cando cinicamente os señores do Partido Popular, sacaron á rúa aos veciños desa comarca, en contra de unha ZEPA que si ou si todos sabiamos que se tiña que declarar. Os señores do Partido Popular, que mentiron e que amedrentaron aos veciños contando que aquelas terras ían converterse no Serengeti español, foron os que definitivamente, en novembro do 2009 (concretamente o día 12) tiveron que firmar o Decreto de declaración de zona ZEPA. Dende que foi declarada levamos 3 anos e 3 meses sen que teñan presa por redactar o seu Plan de conservación e de xestión para que se regule o uso do solo dese territorio e os beneficios ambientais que lle poidan corresponder, a pesar de que o propio Decreto establece un prazo de 2 anos para facelo. Pero aínda mais grave resulta a indefensión dos propietarios, que contemplan atónitos como o PP da Xunta de Galicia defende intereses particulares dunha empresa de fóra antes que os intereses lexítimos dos veciños e veciñas aos que representa. Eses intereses tamén están recollidos na lexislación do solo de Galicia que di no artigo 37 da Lei 9/2002, do 30 decembro, o seguinte: *“Suelo rústico de protección agropecuaria, constituído por los terrenos de alta productividad agrícola o ganadera, puesta de manifiesto por la existencia de explotaciones que la avalen o por las propias características o potencialidad de los terrenos o zonas donde se enclaven, así como por los terrenos objeto de concentración parcelaria (como é o caso que nos ocupa) a partir de la entrada en vigor de la Ley 9/2002 y por los terrenos concentrados con resolución firme (como é o caso) producida en los diez años anteriores a esta fecha, salvo que hayan de ser incluidos en la categoría de suelo rústico de protección forestal. Excepcionalmente, a través de los procedimientos previstos en la legislación de ordenación del territorio, la consejería competente, por razón del contenido del proyecto, podrá autorizar las actuaciones necesarias para la implantación de infraestructuras, dotaciones e instalaciones en las que concurra una causa de utilidad pública o de interés social que sea prevalente a cualquier otra preexistente”*. Este proxecto non contén causas de utilidade pública, nin de interese social, nin sequera económicos. O mesmo artigo segue contemplado na LOUGA que reformou o Partido Popular, publicada o 31 de marzo de 2010. Tamén podiamos precisar que neste caso estamos a falar de solo rústico de especial protección de augas, coas súas limitacións recollidas no artigo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

38 da Lei do solo, tal como recollen os informes técnicos municipais do Concello de Xinzo. Na explotación que se pretende na Limia están en risco 398 hectáreas de cultivo que a unha media de semente de 35.000 quilogramos de pataca de indicación xeográfica protexida por hectárea, dan 14.000 toneladas por ano, que a unha media (tirando polo baixo) de 0,20 céntimos dá uns ingresos anuais de 2.800.000 euros, multiplicados polos 30 anos que a empresa pretende instalarse. Definitivamente non é rendible en termos económicos, nin nos indicadores económicos das explotacións gandeiras que se verán afectadas no entorno, sen contar cos prexuízos sociais, ambientais e de desarraigo que poden producir. Estas cifras por si solas contrastan co investimento que pretende a empresa que tan só é de 1.200.000 euros e a creación de 10 postos de traballo. Pregúntase se non se contan os que se destrúen. Lembra que esta zona estaba pendente da modernización dos regadíos da Limia, declarados de interese xeral no ano 2008 e que aos señores do PP nunca lles preocupou nin poñer cartos da Xunta nin facer o regadío nunha zona onde os cultivos dependen si ou si da auga. O Grupo Socialista vai estar sempre defendendo aos veciños da Comarca da Limia e vai estar a favor desta moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que, se lle parece ben á Presidencia, vanlle facer caso ao Sr. Rodríguez Puga e como o alcalde de Xinzo é unha persoa que non se agocha nunca tampouco o vai facer hoxe, polo que neste punto vai intervir el en representación do Grupo Popular.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, saúda tamén aos veciños da Comarca da Limia presentes no pleno e demais público en xeral. Manifesta que ás veces ten que fretar os ollos para ver o que ve. Na moción fálase de extrema gravidade e pregúntalle ao portavoz do BNG onde estaban o 19 de xullo do pasado ano cando no Concello de Xinzo se adoptou un acordo unánime en contra da explotación mineira, porque o portavoz do BNG no dito concello (presente nesta sala) ese día non foi ao Pleno. Levamos loitando con isto desde o 19 de xullo do pasado ano e agora o BNG ven con isto só para crispas (que é o que sabe facer) á sociedade (que xa ten motivos suficientes para crispase). A publicación da primeira denuncia da empresa (Minecer SL) foi en xullo do ano 2012, onde denunciaba unha serie de hectáreas nos concellos de Xinzo e Trasmiras. Pregunta tamén onde estaban cando el (como alcalde de Xinzo) convocou aos veciños San Pedro de Laroá, Fiestras, Seoane e Faramontaos. Si estaba presente algunha persoa que está hoxe neste salón, como a presidenta dunha asociación de veciños legalmente constituída e que todos coñecemos, que recolleu as alegacións e supón que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

as presentaría. Anuncia o voto a favor da moción e manifesta que están radicalmente en contra da explotación como xa o manifestou así no Pleno do Concello de Xinzo. Informa de que mantivo unha entrevista co presidente da Xunta sobre este asunto e outra co conselleiro de Medio Ambiente, e anuncia de que o martes da próxima semana volverá a Santiago para manter unha reunión co conselleiro de Industria en relación con este asunto. Isto é seguir a lei e traballar, outras cousas chámanse alterar e crispas ou anunciar que se van facer cousas que despois non se fan. Como exemplo de crispas á xente, lembra que aínda hai pancartas colocadas polo municipio de Xinzo (na sede do PSOE hai unha) que poñen incineradora non. O 20 de febreiro a plataforma veciñal Corno do Monte presentou un escrito no concello de Xinzo que na súa cuarta liña di textualmente “uns minutos antes constitúese legalmente como asociación a plataforma veciñal coa redacción dos estatutos e acta fundacional pertinentes para o seu rexistro ante a administración”. Cando unha asociación, legalmente constituída, convoca ao alcalde de Xinzo (que non ten nada que ocultar) vai onde sexa, pero non cando un grupo político manipula a catro persoas para que o convoquen. Informa que no concello de Xinzo hai 67 asociacións constituídas legalmente e ningunha figura co nome de Plataforma Veciñal Corno do Monte. Con isto quere dicir que nunca deixou de recibir a ningún veciño do concello a calquera hora e vai onde o chame calquera veciño con nome e apelidos, por non a unha reunión dunha plataforma que non existe. Di que na intervención da Sra. Lama non se falou do asunto concreto (ao mellor é porque non sabe nada del), xa que se leva con este asunto máis de medio ano e seguindo as canles legais para tratar de parar isto. En canto á ZEPA, manifesta que cando se implante xa a lles darán as explicacións aos veciños das súas connotacións. En canto ao que se dixo de que a Xunta tiña intereses particulares, reitera que xa o 19 de xullo de 2012, mediante unha moción do Partido Popular de Xinzo, á que se adheriron todos os grupos políticos que forman parte do concello, se dixo que están rotundamente en contra da explotación mineira na Comarca da Limia, no Concello de Xinzo ou no Concello de Trasmiras. Adianta que esta instalación non se vai poñer alí baixo ningún concepto.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, diríxese ó Sr. Pérez Rodríguez na súa condición de alcalde de Xinzo, e dille que ao final van votar todos a favor da moción que é o que lle interesa a el e que se congratula diso. Diríxese aos veciños da Comarca da Limia que están presentes no Pleno e dilles que, respecto da dignidade coa que defenderon o seu pan, hai

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

unha canción de Zeca que di “*O povo é quem mais ordena*”. Manifesta que o BNG si está neste asunto, pero o que máis lles interesa é o voto a favor da moción presentada.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que si existe alarma social e non é para menos. Os proxectos no papel todos son moi bonitos para quen os mira dende un despacho en Santiago. A realidade está na Limia, noutra explotación inaugurada aos catro ventos hai uns 10 anos polo presidente Fraga, con cuantiosas e suculentas subvencións, que a día de hoxe está abandonada. Os terreos e as augas están contaminadas (tal como declarou o seu grupo e llo fixo saber á Xunta de Galicia o pasado 27 de xullo) porque alí apareceron uns bidóns con elementos altamente tóxicos. Esa é a rexeneración que se fai dos proxectos privados, por desgraza para as delicadas augas da Limia. Nesta institución provincial, estamos para defender e velar polos intereses dos veciños e veciñas da provincia de Ourense, de todos e cada un deles (dos da Limia tamén) e o Grupo Socialista provincial estará sempre do lado dos veciños, sexan da comarca que sexa, onde se pretenda calquera instalación ou explotación que non beneficie os dereitos deses veciños. Dille ó alcalde de Xinzo (falando das pancartas) que sabe ben que eles pararon a incineradora de Xinzo, unha instalación altamente perigosa e contaminante que o Sr. alcalde e outra empresa do sur, que era pouco menos que un recolledor do lixo, querían instalar no polígono industrial de Xinzo e os depósitos nos montes de Gudín. Lémbrale ao alcalde de Xinzo, que é especialista en acusar e incluso ofender ás persoas, algo que está recollido nas actas do plenario de Xinzo de Limia cara a portavoz que fala, na que di que ela (ou o seu grupo) pararon o proxecto de Gudín e dille que se o seu paso pola política serviu para parar proxectos deste tipo, dá por ben empregados os anos que leva na política.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, reitera que ás veces non cre o que ve e tamén reitera que van votar a favor da moción e que están radicalmente en contra da explotación. Pero isto mesmo xa se votou no Concello de Xinzo o 19 de xullo do ano 2012, e volve lembrar que o portavoz do BNG en Xinzo (que está presente neste salón) non acudiu a ese pleno e non votou nin a favor nin en contra. Dille ao Sr. Rodríguez Puga que fixo unha alegación de algo que non coñece, utilizando a demagogia para intentar crispar á xente. Con respecto á Sra. Lama Fernández (que si coñece o tema do que se está a falar) dille que ela si estivo nese pleno, pero tamén estivo invitada ás reunións mantidas cos veciños dos pobos de Xinzo hai máis de medio ano. En canto a que hai alarma social, manifesta que a dita alarma a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

están creando desde a oposición, xa o que grupo de goberno de Xinzo hai sete meses presentou 415 alegacións en contra da explotación (modelo tipo elaborado no concello para que os veciños só tiveran que poñer os datos e asinar). Todas as xestións que se levan feito desde o Concello de Xinzo foron en contra da explotación seguindo as canles regulamentarias. O que tiñan que facer os representantes da oposición en Xinzo é ir preguntar alí en que estado está a situación, que trámites se fixeron, etcétera, pero iso non lles interesa, o único que lles interesa é crispar á sociedade. En canto a unha planta da que se falou do Concello de Sarreaus, di que non vai falar diso porque el non é dese concello. En relación coa explotación de Gudín, dille á Sra. Lama que se atribúe unha calidade que non ten, porque cando se tratou esa moción no Concello de Xinzo e se votou unanimemente, ela non puido parar nada porque está en minoría, igual que neste plenario. Para finalizar quere que quede ben claro que o Grupo Popular da Deputación, co seu presidente á cabeza, van votar a favor da moción do BNG e están radicalmente en contra da explotación mineira.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ó alcalde de Xinzo que só faltaría que non coñecese mellor a Comarca da Limia que el. Tamén lle di que si coñece as alegacións de manual na Limia, en Ramirás, en Castrelo de Miño e en todos os sitios. Toda a minería a ceo aberto utiliza unha técnica que nos leva á destrución dos ecosistemas. A eliminación da capa boscosa, a destrución dos solos, a contaminación das augas superficiais e freáticas, a división nas comunidades, o suborno a funcionarios, a ameaza, a chantaxe, a violación de leis e dereitos, forman parte das accións rutineiras coas que se desenvolve a minería a ceo aberto en moitas partes do mundo. Superficie terrestre: devastación de superficies, alteración da morfoloxía, perigo de derrubamentos en frontes de arranque, destrución de bens culturais. Aire: ruído e vibracións en xeral, ruído e vibracións de detonacións, formación de po por tráfico e erosión. Fumes: fumes de vertedoiros autoinflamados, vapores de voadura, gases nocivos. Augas superficiais: alteración do ciclo de nutrientes, contaminación con augas residuais, contaminación por causa dunha intensificación da erosión. Augas subterráneas: descenso do nivel freático, deteriorización da calidade das augas subterráneas. Chan: erosión da zona de explotación, diminución do rendemento agrícola e agropecuario (do que estamos a falar), desecación, afundimento do chan, perigo de empantanamento tras o restablecemento do nivel freático e a erosión. Flora: destrución da flora na área de explotación, destrución parcial e alteración da flora na área circundante debido a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

cambios do nivel freático, destrución da flora na zona de extracción así como nos vertedoiros e nas demais instalacións das infraestruturas da mina. Fauna: desprazamento da fauna (e non a contestación que se lle fixo ao BNG desde o Parlamento, que di que a actividade mineira que se ven desenvolvendo na Limia permitiu a recuperación dese lugar como lugar de invernada dunha serie de especies de aves acuáticas que desapareceran trala desecación da Lagoa de Antela. Mostra unhas fotografías do antes e o despois). Saúde: a minería, por outra banda, produce riscos sanitarios para os mineiros e, por suposto, para as persoas que viven nos arredores e unha modificación do microclima. Dille ao alcalde de Xinzo que pode que non coñeza a zona como el, pero si que se sabe informar, e o que lle interesaba hoxe era escoitar a súa posición neste pleno.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- O Pleno, valida e ratifica o ditame da Comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, que acorda demandar un informe dos servizos técnicos e xurídicos desta casa, aos efectos de presentar alegacións ao devandito proxecto Faramontaos 5089, en tempo e forma, diante da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellaría de Economía e Industria.

2.- O Pleno insta á Xunta de Galicia a realizar as seguintes actuacións en relación co expediente de solicitude de aprobación de aproveitamento mineiro Faramontaos 5089, realizada pola empresa Minercer S.L.:

a.- Ampliar o prazo de información pública previsto no artigo 21 da lei 3/2008 á vista da falta de información da que a día de hoxe dispoñen as persoas afectadas para poderen realizar as súas alegacións e facilitar a través tanto das oficinas da propia administración galega como dos concellos afectados toda a información dispoñíbel ás persoas e entidades interesadas para que poidan realizar as súas alegacións.

b.- A que polo órgano con competencias medioambientais, en base aos criterios e razóns que no seu día xustificaron a declaración da ZEPA da Limia, se emita informe negativo en relación con dita autorización por supoñer unha alteración do hábitat protexido.

c.- A que a Consellaría do Medio Rural, baseándose nos datos da actividade agraria que se desenvolve nestes concellos, do seu elevado grao de intensificación, do seu valor na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

economía local e na creación de emprego, en definitiva da inequívoca vocación agraria destes terreos se emita en sentido negativo á dita autorización o informe previsto no artigo 23 da lei 3/2008.

d.-A que á vista das repercusións negativas resolva o expediente denegando a solicitude de aproveitamento mineiro solicitado para os concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras.

3.- O pleno da Deputación insta aos grupos de goberno dos concellos de Xinzo e Trasmiras á denegación da preceptiva licenza urbanística municipal indispensable para iniciar a explotación mineira, no caso de que a Xunta de Galiza, finalmente, decidira autorizar o devandito proxecto.

9º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Ó COMPROMISO DA CARTA AALBORG DE POBOS E CIDADES EUROPEAS CARA Á SOSTIBILIDADE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia o voto a favor do seu grupo, pero lembra que se acaba de aprobar un concurso para adquisición de vehículos e gustaríalle que se empezasen a tomar medidas sostibles medioambientais. Consideran que a sostibilidade pasa por todo, polo que se vén de aprobar no punto anterior e cando se compran elementos contaminantes como os vehículos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia tamén que o seu grupo vai votar a favor. Manifesta, en relación coas anteriores intervencións, que non sabe por que se alude aos grupos dicindo que son incendiarios, cando as achegas que se fan desde o outro lado son bastante incendiarias. Imos aprobar unha carta que se supón que é para a sostibilidade do medio ambiente e resulta que antes se di que se non se coñece a comarca non se pode falar. Entón neste punto, que estamos a falar dun pobo onde se tomou un acordo que el non coñece, tampouco se podería aprobar. Estas non poden ser as razóns de peso que se dan para contrarrestar o que din os demais. Manifesta que aos concelleiros non fai falta invitalos a ir aos plenos, xa que forman parte deles. En relación co tema que nos ocupa, pide que se empece a tomar conciencia de todo isto, non con cartas, senón con todo o que se ten intentado facer nesta provincia, non só co tema do punto anterior senón tamén coa planta de incineración que se defendeu aquí, ou outras moitas explotacións das que non toca discutir agora. Pensa que as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

pancartas si que paran as cousas, e os cidadáns tamén paran as cousas que se fan mal, tanto uns como os outros. Todos temos a responsabilidade de parar as cousas e os acordos non valen se despois non se levan con concreción onde hai que levalos. Di que se levaran sete meses intentando parar unha cousa, non ocorrería o que ocorreu agora.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que en ningún momento escoitou neste Pleno a palabra incendiario ata que a pronunciou o portavoz socialista.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, pronúnciase no mesmo sentido que o Sr. presidente e di que só oíu alarma social e crisar pide que se intente entre todos non crisar. Continúa dicindo que a Deputación Provincial de Ourense, á que se critica con frecuencia, é pioneira en moitas cousas e neste tema tamén. Este é un paso máis no cumprimento do Plan Ourense 92 que presentou o Sr. presidente hai pouco máis dun ano. Esta Deputación, como o ven demostrando ano a ano, aposta clara e decididamente pola defensa e a mellora do medio ambiente e por iso entenden que esta adhesión (anuncia que tamén lle vale este argumento para o seguinte punto da orde do día) é un instrumento importante para avanzar nesa aposta do desenvolvemento sostible. Aínda que non acostuma a apartarse dos puntos da orde do día, e en relación co punto anterior ó que se referiu o Sr. Gómez Pérez en canto aos 7 meses de tramitación, manifesta que os procedementos administrativos regrados ninguén os pode saltar e non deixan de selo cando hai caprichos ou unha algarada duns cantos con razón ou sen ela.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, rectifica as súas palabras porque el entendera incendiar no canto de crisar. Di que só se referiu a que ás veces os acordos poden servir ou non. Comparte a filosofía desta Carta e subscríbea, o que non pode ser e defender unhas cousas por unha banda e por outra que se fagan cousas como cando se falou da instalación de Castrelo de Miño na que votaron en contra e crisparon á xente de alí. A responsabilidade dos políticos é informar aos veciños e non esperar a que os veciños vaian preguntar. A súa intención non é crisar a ninguén.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que non é comparable a situación de Castrelo de Miño coa que se tratou no punto anterior. Reitera que os procesos regrados seguen unhas fases e en canto a Castrelo de Miño xa naquel pleno manifestou que aquel acordo non servía para nada.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación do ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos (25), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Apoia-la “Carta de Pobos e Cidades europeas cara á sostibilidade” (Carta de Aalborg) e comprometerse á realización dos seus obxectivos no ámbito provincial-intermunicipal, conforme coa redacción dada na Conferencia Europea sobre Pobos e Cidades Sostibles celebrada en Aalborg en maio de 1994.

Segundo.- Promove-la realización das A21 locais de tódolos municipios da provincia de Ourense inscritos na Rede de Municipios Ourensáns Sostibles unha vez finalizado o procedemento no ámbito provincial- intermunicipal (24 meses).

10º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Ó PACTO DE ALCALDES POLA ENERXÍA SOSTIBLE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e por unanimidade dos vinte e cinco membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Promove-la adhesión ó Pacto dos Alcaldes pola enerxía sostible entre as municipalidades do seu territorio e brindarlles apoio e coordinación a aquelas que o fagan.

Segundo.- Ofrecerlles asistencia técnica e estratéxica ás municipalidades que desexen entrar a formar parte do Pacto pero carezan dos recursos necesarios para elaborar un plan de acción para a enerxía sostible.

Terceiro.- Ofrecer apoio e oportunidades de índole económica para o desenvolvemento e execución do Plan de Acción para a Enerxía Sostible.

Cuarto.- Brindar asistencia na organización de *días da enerxía* locais, destinados a sensibilizar á cidadanía.

Quinto.- Informar periodicamente á Comisión do Pacto de Alcaldes sobre os resultados obtidos e participar na execución estratéxica do Pacto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

11º.- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLOS DEPUTADOS E DEPUTADAS DO GRUPO PROVINCIAL DO PSDG.-PSOE CONTRA O ACORDO DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE 18 DE XANEIRO DE 2013 POLO QUE SE REXEITOU A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN SOBRE AS CONTRATACIÓNS DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DOS ÚLTIMOS 20 ANOS.-

Trala ratificación previa por unanimidade, da inclusión deste asunto na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. secretario para que dea lectura á proposta.

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 18 de febreiro de 2013.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que apoian o recurso do Grupo Socialista e di que teñen dúbidas en canto validez do informe, por canto, como xa teñen expresado outras veces, a persoa que realiza o informe é testemuña na causa do obxecto da polémica, polo que probablemente estariamos dentro dunha das causas de abstención. Como xa manifestaron noutros plenos, non van pedir recusación administrativa, senón recusación política, porque durante todos estes anos foron coniventes e cómplices, por activa e por pasiva, dunha forma de facer política que o BNG considera deplorable. Polo exposto votarán a favor do recurso do Grupo Socialista.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que van votar en contra da resolución do recurso do Grupo Socialista. Hoxe tráese a este pleno o informe que elaborou o Sr. secretario en relación co recurso interposto polos deputados e deputadas do Grupo Provincial Socialista. Non vai discutir as argumentacións legais que se dan por parte da Secretaría pero están en desacordo con el. O grupo de goberno ten relación, ben en termos de afinidade ou doutro tipo, con traballadores desta Deputación (funcionarios e laborais). Esta relación non a vai mudar ningún informe e o Grupo Socialista segue mantendo o mesmo. Isto é unha realidade obxectiva, porque eles non son, como se recolle no informe, quen ten que ter a obriga de absterse. Na primeira parte do informe dise que a abstención é de motu propio, e neste caso a recusación é conforme co artigo 28. Existe un deber de abstención, tanto dos funcionarios como dos deputados, no caso de adopción de acordos que afecten directamente aos seus intereses. Deputados desta institución tamén son funcionarios e ese é un tema que se tería que mirar. O Grupo Socialista entendeu que había máis de 70 persoas que tiñan esa condición

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

cos deputados do grupo de goberno e son eles os que teñen que demostrar que iso non é certo. O Grupo Socialista presenta un recurso de reposición contra un acordo que entenderon que era o máis axeitado. Pode que sexan 70 persoas ou máis, ou incluso menos, porque o Sr. presidente dixo nunhas declaracións que 29 desas persoas non tiñan relación coa Deputación. Destas palabras do Sr. presidente podemos deducir que 41 persoas si teñen relación, e esa é unha realidade obxectiva que está contemplada na RPT. Cando se toma unha decisión política inadecuada a todas luces os políticos que cren que iso é inxusto e que se actuou a sabendas, teñen que acudir á xustiza. Se o grupo de goberno non muda a postura e incorren, ao seu entender, en responsabilidades fóra da política, non poden culpar ao Grupo Socialista de xudicializar a política (di isto porque agora este grupo ten un prazo de dous meses para presentar un contencioso-administrativo). Se no contencioso-administrativo se depuran responsabilidades por parte do grupo de goberno e das persoas que amporen estas cuestións, xa se verá o que ocorre. Despois que non lle veñan dicir que andan a caza de alguén, porque o Grupo Socialista non anda a caza de ninguén como persoa, pero o que buscan é un cambio da política de persoal da Deputación. Pide que o grupo de goberno mude a súa postura e non aproben esta proposta, porque se non o fan así o Grupo Socialista acudirá á vía que lles deixan. Reitera que se presentaron 70 nomes e poida que estean errados nalgún deles, pero iso quen o ten que ditaminar é o grupo de goberno e dicir se esas persoas teñen relación ou non con eles. A RPT é moi clara e hai persoas que non se poden discutir, algunhas desas persoas son deputados e outras teñen relación familiar cos deputados do grupo de goberno. Cre que a postura que tomou o grupo de goberno con este asunto está errada, porque se permitisen esa comisión de investigación non terían ningún problema en desmontar moitas das cousas nas que o Grupo Socialista pode estar errado. Reitera que votarán en contra da resolución do recurso.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que como é interesado tampouco vai poder falar e conforme se fala a este paso van ir todos para Monte Chao, que é onde está a prisión. O Sr. Gómez Pérez cambiou as normas e díxolles que tiñan que demostrar que non son culpables de nada, pero quen ten que demostrar que son culpables de algo e el. Dentro destas ocorrencias que presentan para despistar non sabe que cousas, podería preguntar que pasaría coa ocorrencia no caso de que non puideran estar na comisión de investigación e incluso non poder asistir ao Pleno. Agora tamén inclúen ao Sr. secretario e a este paso non sabe onde van ir parar. Pregúntalles ao Sr. Gómez Pérez e aos seus compañeiros,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

e incluso a quen lle mandou facer isto, se vai votar o plan xeral do seu concello, porque é un interesado manifesto (algunha leira terá) ou se algún día se presenta para alcalde e ten a maioría xusta tampouco se poderá votar a si mesmo porque tamén é interesado. Anuncia que o voto do Grupo Popular está claro.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que el non nomeou a prisión para nada senón que falou de hixiene democrática. Pide desculpas por se alguén non o entendeu ben.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que a el non o manda ninguén (só na súa casa e o seu alcalde). En canto ás ocorrencias, di que ás veces poden ser boas e ás veces malas, pero xa se verá se no xulgado se di que son ocorrencias e despois bótaselles a culpa aos funcionarios, porque quen lles bota as culpas aos funcionarios desta casa non é o Grupo Socialista. Di que non lle gustan as ocorrencias pero tampouco lle gusta que as cousas se interpreten mal, xa que el dixo que era respectuoso co informe aínda que non o compartise e está defendendo algo como político e non como persoa. Pregúntalle ao Grupo Popular se hai ou non persoas vinculadas con eles que están na RPT. Tampouco dixo que houbera que levar a ninguén á cadea, e é máis, non lle gusta nada estar falando destas cousas, pero para que isto non ocorrese non se tiñan que ter feito cousas que se fixeron. Aquí parece que a culpa é do que denuncia politicamente e iso non o cre ninguén. En canto á pregunta que fixo o portavoz do grupo de goberno, manifesta que si se absterá na votación do plan xeral do seu concello se ten intereses (xa se ten abtido nesta casa por cousas moito menores). O que se pedía era unha comisión política que investigase politicamente o que acontecera durante 20 anos e isto non é ningunha ocorrencia. Con isto non quere dicir que teñan a razón e maldita a gana que ten de ter razón en moitas cousas, porque se teñen razón á hora de falar de cuestións que están xudicialmente investigadas na bancada do grupo de goberno ultimamente ao mellor se lle quitan os cores a máis de un. Reitera que van recorrer este acordo na instancia pertinente e xa o xulgado decidirá o que proceda.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai colaborar para que este enredo teña máis capítulos. En canto ao Sr. secretario aquí dízose que se desconfiaba de que puidese estar lexitimado para emitir o informe. Tamén se dixo que por ser familia ou simpatizante de determinado grupo político xa se é un presunto non sei que (vaillo ter que cualificar a oposición). En canto á ocorrencia anterior do plan xeral ou de elixir ao Sr. Gómez Pérez de alcalde di que lle fagan caso porque as cousas sentan xurisprudencia, porque

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

ao mellor non podería ser alcalde se non se pode votar a si mesmo. Independentemente do informe do Sr. secretario (aínda que lles congratula que coincida coa súa visión das cousas) os deputados do Grupo Popular foron conscientes do que votaron no Pleno do 18 de xaneiro como do que van votar hoxe. En canto á comisión de investigación, pídelles aos portavoces da oposición que digan publicamente e dunha vez qué expediente quixeron consultar e qué expediente non se lles deixou ver, xa que teñen acceso a todos os expedientes. Pídelles que deixen de facer demagogia e de enredar, que levan vinte anos co mesmo e a xente xa non lles fai caso, e andan ao “*tiro do pichón*”. Reitera que o grupo de goberno ten claro o que votou e o que vai votar hoxe tamén.

O **Sr. presidente** anuncia que lle vai dar a palabra ao Sr. secretario polas alusións feitas polo portavoz do BNG, para que quede clara a súa posición.

O **Sr. secretario** especifica que a causa da abstención da que se falou é por ter sido testemuña no procedemento do que se trate e o procedemento que se trata é a adopción dun acordo proposto polo Grupo Socialista. El ten sido testemuña nun proceso xudicial penal diferente a este, polo que entende que non ten ningunha causa de abstención. Informa, ademais, que el non é un funcionario propio da Deputación, polo que na hipótese postulada tampouco estaría incurso no deber de abstención. O que tiña que dicir sobre o asunto xa está recollido no informe elaborado.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Desestima-lo recurso de reposición interposto polos deputados e deputadas do Grupo Provincial do PSdG-PSOE contra o acordo do Pleno da Deputación Provincial de 18 de xaneiro de 2013 polo que se rexeitou a creación dunha comisión de investigación sobre as contratacións de persoal da Deputación Provincial de Ourense dos últimos 20 anos, polos motivos expostos no informe de Secretaría Xeral de data 18 de febreiro de 2013.

12º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE NOVEMBRO DE 2012 E DO 1º ADICIONAL DE OUTUBRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de novembro de 2012 e do 1º adicional de outubro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE NOVEMBRO DE 2012 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 4º DE XUÑO, 3º DE AGOSTO E 2º DE SETEMBRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de novembro de 2012 e dos seguintes adicionais: 4º de xuño, 3º de agosto e 2º de setembro de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

14º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou dúas mocións de urxencia.

14ª.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE AS PRAZAS VACANTES NO CADRO DE PERSOAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O Sr. presidente somete a votación a urxencia da moción que é declarada por unanimidade.

A continuación cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, a moción vén derivada de que o artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público establece unha serie de cuestións que están claras. Hai situacións que se veñen producindo nesta Deputación desde hai anos, contravindo, ao seu entender, a lexislación, xa que as prazas cubertas interinamente se deben incluír na primeira oferta pública para cubrirse regulamentariamente e se non son necesarias se deben amortizar. Despois do expediente de regulación de emprego que se está a tramitar nesta casa o Grupo Socialista detectou que hai un número similar, máis ou menos, de persoas que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

están cubrindo interinamente tanto prazas laborais como de funcionarios (algunhas de contías bastante importantes) e outras prazas están sen cubrir. O Grupo Socialista pide que se esas prazas son necesarias se saquen a concurso público con transparencia e con todos os preceptos que marca a lei e que todo o mundo poida optar a esas posibles prazas. Se non fose así, pódense amortizar e o aforro sería máis efectivo e non se lle faría dano a ningún traballador. Para o Grupo Socialista o EDC tramitado era unha chapuza e o segue a ser, porque ao final non se sabe a cantas persoas vai afectar e moitas persoas están desfilando polo xulgado do social. Con isto quere dicir que hai cuestións que se poden facer con máis calma e máis sentido común. Sabe que lle poden dicir que se non están recollidas nunha oferta pública dentro deste ano ao mellor non se podería facer, pero se iso fose así en 2009, 2010 e 2011 se tería incumprido esa cuestión. O Partido Popular mudou a lexislación neste sentido. Todo iso non é un impedimento para que se faga o que pide o Grupo Socialista na moción, que é que se realice un estudo inminente sobre as prazas de persoal (funcionarios e laborais) que se atopan vacantes. Cre que esta é unha boa achega, sen entrar en demagogia. Recoñece que teñen acceso a todos os expedientes e nunca se lles negou ver ningún, pero algún relacionado co tema de persoal si se tardou moito tempo en facilitarllo (incluso está pendente dunha información que pediu sobre unha determinada praza e a documentación que se esixía), polo que pensa que algunha das prazas si está en interdito, sen falar das 104 contratacións das que hai indicios de que, ao mellor, non estiveron ben feitas. A proposta que fai o Grupo Socialista serve para dicir claramente e dunha santa vez que as poucas prazas que poidan saír a oferta pública se faga como ten que ser, sen ningún subterfuxio legal. Pódese observar algo que dá a risa como unha praza que acaba de saír a oferta do grupo A e tan só hai 14 aspirantes (pensa que esta praza se se quita noutra administración tería miles de aspirantes) dos cales moitos traballan na Deputación ou traballaron. Pide que non se lles tome o pelo e pensa que cando a intencionalidade de que a oferta pública sexa clara, transparente e que chegue a todo o mundo, chega, só hai que ver as colas de opositores que hai noutras administracións e aquí nunca as hai, aquí só había colas para vir pedir o favor. O Grupo Socialista ampara as cousas que se fan legalmente pero moitas non están amparadas moralmente. Nunca dixo que as persoas que teñan vínculos de calquera tipo cun partido político non poidan ter o mesmo grao de acceso que os demais (incluso está contemplado nunha acta) pero si que di que o que non pode ser é que sexan todas, porque iso é un insulto á intelixencia. Invita ao grupo de goberno a ir ao seu concello para que vexa a pluralidade de traballadores que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

hai (algún deles formou parte das listas do Partido Popular). Espera que lle fagan caso a esta proposta.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que están de acordo coa moción presentada polo Grupo Socialista pero pide que se engada que para a provisión definitiva das prazas o trámite sexa a través de oposicións libres que garantan os principios de publicidade, mérito e capacidade, xa que non queda moi definido cal o proceso de provisión.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que outro día máis se vai falar do mesmo, a ver se algún día nos cansamos e non seguimos cansando á xente. Anuncia que van votar en contra da proposta por unha razón obvia, porque non procede realizar un estudo do que xa está feito. Hoxe mesmo acábase de aprobar definitivamente a RPT de 2013, estivo exposta ao público e pasou polos órganos correspondentes. Non lle consta (e iso que pertence á Mesa Xeral de Negociación) que o Grupo Socialista presentase ningunha suxestión nin reclamación. Con respecto ao artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, no seu apartado 4, establece que as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deben incluírse na oferta de emprego correspondente ó exercicio no que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, agás que se decida a súa amortización. Non obstante isto, a Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2013 (como as leis de orzamentos xerais dos exercicios anteriores) no seu artigo 23 restrinxe a oferta de emprego público, limitándoa no exercicio 2013 a un 10% da taxa de reposición de efectivos e só en determinados sectores (que polo que se refire á Deputación se limitan ás funcións de control de fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas, asesoramento xurídico e xestión e control da asignación eficiente dos recursos públicos). Esta norma impide a aplicación do establecido no artigo 10.4 do EBEP. É certo que ben podería parecer que esas restricións á oferta de emprego público do artigo 23 da Lei de orzamentos xerais do Estado impliquen a necesidade de amortiza-las prazas vacantes ocupadas por interinos. Non obstante, a norma en ningún caso di tal cousa e incluso o apartado 2 do artigo 23 permite o nomeamento de funcionarios interinos para cubrir necesidades urxentes e inaprazables nas funcións que se consideren prioritarias ou que afecten ao funcionamento de servizos públicos esenciais. Polo tanto, se se permite o nomeamento de funcionarios interinos, cabe entender que se permite tamén o mantemento dos nomeamentos efectuados no exercicio anterior, aínda que non se poidan incluír na oferta de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

emprego público, e sempre e cando se manteña esa necesidade urxente e inaprazable de cubrir interinamente a praza. Poden preguntar no Concello de Ourense, que poderían dar unha clase maxistral de cómo se fan as contratacións temporais e interinidades, xa que dispón de datos que son moi orixinais. No exercicio orzamentario de 2012 queda conxelada a oferta de emprego público e no presente exercicio límitase ao 10% da taxa de reposición de efectivos a unha serie de sectores aos que se referiu antes. O dato concreto que hai hoxe na RPT é que o número de vacantes é de 31, das cales na oferta de emprego público de 2011 (convocada recentemente e publicada nos boletíns e taboleiro de anuncios) inclúense 13 prazas (12 de promoción interna e 1 de promoción pública que está cuberta interinamente). O aforro no sería tal e como se dixo, porque no suposto de que se cubrisen todas as prazas de promoción interna quedarían 12 vacantes e a praza de promoción pública xa está cuberta interinamente. As medidas das que se falan na proposta de introducir medidas na política de Recursos Humanos da Deputación, xa se recollen nas diferentes relacións de postos de traballo aprobadas nestes últimos anos así como nos plans de ordenación de recursos humanos (aos que ten acceso a oposición). Alégralle moito que se recoñeza que non se ocultou ningunha información solicitada. Vólvese preguntar para que sirva unha comisión de investigación se non é para enredar. A solicitude dun estudo de maneira inminente sobre as prazas que se atopan vacantes xa foi realizado na RPT de 2013. Por outra banda, o que sinalan de que as que se consideren necesarias nese estudo se proceda á súa convocatoria con carácter fixo, temos o problema da taxa de reposición de efectivos. Poderíanse convocar como interinidades sen que se lles aplique a imposición do Estatuto Básico do Empregado Público de ter que incluílas en futuras convocatorias. En definitiva, o grupo de goberno entende que a proposta do Grupo Socialista, á parte de extemporánea, contradí a normativa vixente, polo tanto van votar en contra. Reitera que o estudo que se propón está na RPT e no Plan de ordenación de recursos humanos.

O **Sr. presidente** dálle a palabra ao Sr. Gómez Pérez e pídelles que se pronuncie sobre a emenda in voce que formulou o Sr. Iglesias Pérez.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que acepta a emenda in voce que formulou o deputado do BNG. Ás veces se lles reprocha de que non fan propostas, e cando votan en contra dos orzamentos quere dicir que os emendan totalmente, e iso inclúe a política de persoal. A xente non está aburrida de falar deste tema, senón que a xente está aburrida de non poder acceder a esta casa. Xa sabe que houbo unha modificación da Lei da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

función pública pero hai cousas que o portavoz popular non di e se entenden as urxencias como as de sanidade mal vamos, porque unha urxencia non pode durar dous ou tres anos. Pregúntase se iso se fai así para que as persoas contratadas que sexan despois aspirantes ao posto xa teñan conseguido puntos para acceder a el. Como parece ser que non vale como político para convencer ao grupo de goberno vai facer de mago e vai meter unha papeleta nun sobre para demostrar que sabe o nome dalgunhas persoas que van obter as prazas, e incluso presentarllo a un notario. A lei ampara determinadas cuestións e vai poñer un exemplo que non ten que ver con isto, pero si co que se debateu antes. Nunca criticou o soldo do Sr. presidente, pero a lei, supostamente, si que ampara que cando os deputados teñen dedicacións exclusivas (non nesta casa senón noutro órgano) poidan cobrar axudas de custo por asistir aos plenos, pero moralmente non é de recibo nin é aceptable que o presidente do INORDE teña o soldo que ten (máis grande que o do Sr. presidente) e ademais cobre asistencias por vir a este Pleno. O grupo de goberno sempre alude á palabra extemporánea, e extemporáneos son algúns deputados que están aquí porque xa levan moito tempo e ao mellor habería que mudalos. El non entra a discutir asuntos doutras administracións, pero hai asuntos que se falan do Concello de Ourense e quere que se pense nas multitudes de reparos que teñen alí algunhas cuestións, como as que levou o Partido Popular ao avogado do Estado, que ao mellor tiña que actuar de oficio nesta casa e non representando a ningún partido político. Cando antes dixo que a el non se lle puxo ningún impedimento para ver ningún expediente quere que quede claro que falou por el mesmo (que leva como portavoz ano e medio) e iso non quere dicir que antes non se puxeran impedimentos e o tema que está en discusión trata de antes de que el fose portavoz.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que o Sr. Gómez Pérez fala dos reparos do Concello de Ourense e do avogado do Estado e pídelle respecto para os profesionais porque hai xente moi íntegra. Como a oposición só pretende denigrar a esta Deputación a todos os niveis, pon exemplos para que poidan comparar co modelo que utilizan na Deputación de Lugo ou noutras administracións nas que non goberna o Partido Popular. Manifesta que a oposición ten que depurar as listas de nomes vinculados ao Partido Popular que teñen elaborado, xa que moitos deles non teñan nada que ver con esta casa e algún día se poden enfadar. Lembra que na Deputación, a día de hoxe, hai 8 interinidades (5 funcionarios e 3 de persoal laboral), como exemplo di que só no mes de xuño de 2012 no Concello de Ourense fixéronse 7 (4 conserxes, 2 operarios de cemiterio e 1 topógrafo). Con isto non quere dicir que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

dubide da necesidade destas contratacións, pero dispón dunha nota que lle pasaron na que di que o ano pasado había 25 conserxes no Concello de Ourense, para que despois falen dos porteiros da Deputación.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que eles non denigran, senón que quen denigra é o Partido Popular. Mantén que a administración menos plural que hai é esta Deputación e que el non se avergonza do que fagan os seus compañeiros de Lugo porque non coñece a moitos deles, entón no pode falar de Lugo porque non está alí, pero si sabe que non sae nos medios de comunicación igual que sae a Deputación de Ourense. Di que as listas das que falou o portavoz popular non as fixo o Grupo Socialista, senón que son listas que circulan por Internet e el mesmo ten saído nalgún medio de comunicación pedindo desculpas por algunha persoa que estaba nesa lista (que non puxo o Grupo Socialista). Cando eles fan algo fano con nomes e apelidos que é Partido Socialista de Galicia. Pensa que se alguén se pode enfadar son os cidadáns que non poden acceder a entrar nesta casa. En canto aos catro conserxes do Concello de Ourense, pensa que algo terán que ver os centros cívicos que se abriron nos barrios da cidade (que non había na época do PP) como o do barrio da Ponte. Reitera que a administración menos plural é esta casa e lémbrale ao grupo de goberno que no Concello de Ourense tamén gobernaron e alí hai pluralidade política e sindical.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que a moción queda rexeitada.

14ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE A XUNTA PARALICE O DESMANTELAMENTO DA SANIDADE PÚBLICA NA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente somete a votación a urxencia da moción que é declarada por unanimidade.

A continuación cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno, para que defenda o contido da moción.

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que hoxe van falar de sanidade con maiúsculas. Non queren facelo con frivolidade nin recorrendo á demagogia (como se lles acusa en moitas ocasións), senón con datos que falan de persoas e non escudándose nas estatísticas maquilladas. Os socialistas presentan hoxe unha proposta que poña fin ás

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

consecuencias do desmantelamento dos servizos de saúde ao longo e ancho da provincia de Ourense. O grupo de goberno, ante o desolador panorama que padece a cidadanía da provincia, falarán de que podemos estar de estamos de en hora boa porque onte o presidente Núñez Feijóo anunciou o acordo polo que se autoriza a licitación das obras de ampliación co Complexo Hospitalario de Ourense, no que se van investir 58 millóns de euros). Mentres o Partido Popular fala de robótica, de automatización na distribución de alimentación e medicación ou de habitacións intelixentes, o PSdeG quere cingirse á realidade, ás historias dunha poboación que padece a cotío unha mingua na atención sanitaria e non por culpa dos profesionais do sector, senón polas decisións economicistas e rendibilizadoras de xestores e responsables políticos do Partido Popular. Hai que falar do que denominan eufemisticamente reorganización das gardas nos Puntos de Atención Continuada. Hai que falar da supresión das gardas de farmacia no rural ourensá. E porque non, hai que falar da supresión de profesionais nos centros de saúde baseándose na ratio poboacional, sen ter en conta a dispersión xeográfica, principal característica definitoria da maioría dos municipios ourensáns. Esta depauperación estana comezando a padecer municipios como Sarreaus, Muíños, A Veiga ou Laza. Pide que os señores deputados do Partido Popular lles expliquen por qué se están dando pasos axigantados de cara á privatización do servizo de mantemento na área sanitaria integrada de Ourense, na que na actualidade traballan 94 profesionais. Pide que aclaren por qué o Partido Popular toma decisión que inciden negativamente na mingua da calidade do servizo sanitario, por qué se están habilitando habitacións con 4 camas (onde antes só había 3) ou por qué en habitacións minúsculas nas que só colle unha cama, se están instalando 2 camas, sen posibilidade de que os pacientes poidan nin abrir as portas do armario e teñan que acumular a roupa en bolsas de plástico no chan. O feito é que os ourensáns non acaban de entender cómo unha persoa segue á espera dunha simple operación de varices despois de 3 anos; ou por qué hai que agardar ata 9 meses para acceder a unha primeira consulta de neuroloxía. Non acaban de entender por qué ás listas de espera non se lles chama polo seu nome e ás persoas que prefiren ser atendidas en instalacións da sanidade pública, pasan a unha listaxe alternativa que se perde no limbo do esquecemento á que lle chaman eufemisticamente lista non estrutural. Preocúpalles máis esta falta de transparencia na información que as habitacións robotizadas do futuro incerto. E o que máis lles preocupa é que coas sucesivas decisións que se están adoptando en relación coa sanidade pública esteamos retrocedendo ata os anos 70. Por aforrar, están aforrando ata no máis

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

básico, no material sanitario, pois constátase que é de peor calidade e en moitas ocasións prodúcese un problema de desabastecemento. Este aforro na sanidade no único que repercute é nos complementos de produtividade dos xestores, mentres que aos traballadores, ademais de verse na triste tesitura de ver cómo a sanidade pública se afunde, se lles quitan complementos salariais. As urxencias no CHUO están saturadas e isto xa non é noticia, pero para disfrazar a realidade das cifras recórrese a un sistema cuestionable que consiste en non ingresar ao paciente e enviálo para o seu domicilio despois de realizar as correspondentes probas. Pero ó cabo dunhas horas os doentes volven a urxencias con similares síntomas. Este método dilapida diñeiro público en detrimento da calidade na asistencia sanitaria e na mingua da saúde dos pacientes. Todo para maquillar as cifras e evitar ingresos. Mentres assistimos a cotío á saturación do complexo hospitalario, comprobamos un panorama desalentador: a 1ª planta do Hospital de Piñor permanece baleira, inutilizada, sen uso, e nin os profesionais nin a sociedade entenden este xeito de xestionar a sanidade. O peche de camas de medicina interna en Piñor, lonxe de mellorar a situación, produciu unha mingua na atención especializada porque os enfermos crónicos non reciben a atención de calidade da que gozaban en Piñor e aumentándose a saturación no CHUO. Qué dicir doutra das materias pendentes do goberno de Feijóo e da propia xerente do CHUO, Eloína Núñez, o futuro uso das instalacións do Hospital de Toén. En xaneiro o PSdeG presentaba unha moción para que a Xunta defina qué fin se lle vai dar ao antigo complexo psiquiátrico. Recentemente, a xerente do CHUO, cando se cumpría un ano dende o seu peche, fixo unha nova operación de marketing informativo para conmemorar tan triste aniversario e falou da posibilidade de destinar as instalacións a un hospital de enfermos crónicos que sería xestionado por unha ONG. Todo apunta que podería tratarse dun intento privatizador enmascarado do que xa teñen falado. Nos centros de saúde hai lista de espera ata para facerse unha simple analítica, e os usuarios xa teñen que agardar ata un mes para unha extracción de sangue. A mingua no servizo compróbese durante todo o ano na atención primaria, pois non se cobren as baixas nin os períodos de vacacións dos profesionais. Prodúcese unha indefinición da construción dos centros de saúde do Vinteún, O Couto ou Barbadás, xa que os soares seguen baleiros e non hai nin tan sequera un cartel anunciador das obras. Como se pode comprobar o panorama é desolador: deteriórase a sanidade, padécese unha clara tendencia privatizadora, suprímense dereitos, recórtanse prestacións, desmantélanse centros, redúcense os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

cadros de persoal, amortízanse vacantes por xubilacións, recórtanse os salarios dos profesionais, diminúe a cantidade de material sanitario e a súa calidade e un longo e interminable etcétera.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que hai algo que é claro e evidente, manifestado por parte dos profesionais, e os colexios de médicos de Galicia avisaron ao presidente Núñez Feijóo que os axustes levan ao naufraxio á sanidade pública. Consideran estes profesionais que os axustes indiscriminados acabarán co sistema nacional de saúde e alertan da dilapidación económica e intelectual que supón a emigración de médicos a outros países así como dos recortes en formación dos MIR e dos profesionais da investigación. Tamén se denuncia que as listas de espera son cada vez máis grandes en atención primaria, a redución do gasto farmacéutico, a sobrecarga nas consultas, o bloqueo das axendas de primaria, a escaseza de persoal. Todo isto minguará a calidade asistencial e no caso de Ourense xa hai denuncia por parte do colectivo ourensán de que se están derivando intervencións cirúrxicas de listas de espera a centros concertados. As axendas dos meses de vacacións dos médicos son cubertas con substitucións cada día ou cada dous días, a penalización económica ás baixas, os recortes de persoal, a precarización da situación laboral dos médicos afecta directamente ás listas de espera. Por outra banda, aparecen estatísticas (que son facilmente manipulables), pero que os propios médicos recoñecen que existe unha lista de espera estrutural da que nin se coñecen os datos. En Ourense xa empeza haber desviación de intervencións cirúrxicas e de patoloxías en listas de espera e non urxentes cara a centros concertados e o claro é que a privatización leva á perda da calidade da sanidade pública. En Ourense o copago non é unha solución, dado que a poboación está envellecida e o aparello administrativo levaría todo o diñeiro. Tamén se denuncia que os recortes que propón o executivo galego supoñen a perda de 15 profesionais ao ano no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. O anteproxecto de lei de medidas para o emprego público, inclúe unha redución de xornada para contratados laborais e interinos, e ademais o recorte tamén afectará a rotacións externas de médicos residentes de terceiro e cuarto ano, dado que deixarán de percibir axuda pública para o desprazamento. Se seguimos por este camiño acabaremos tendo dous tipos de sanidade: a sanidade de primeira para aqueles que poidan pagala e sanidade de mendicidade e de terceira, é dicir, un sistema sanitario que cada vez é máis desigual e máis inxusto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza (con tódolos respectos) que parece que ten que ir ao fondo de armario para traer algo aquí do que xa se ten falado moitas veces, ademais cunha visión catastrofista ou apocalíptica da realidade. A Sra. Morenza empezou a súa intervención dicindo que hoxe ía falar da sanidade con maiúsculas e sempre se falou con maiúsculas da sanidade. Quere que quede constancia do máis rotundo rexeitamento ás palabras de deterioro da sanidade, desmantelamento de servizos, privatizacións e outras parecidas. Este tipo de afirmacións sen ningún dato son lugares comúns que xa non significan nada. A nosa comunidade está resistindo mellor que outras o impacto da crise e as consecuencias do déficit no sistema nacional de saúde. Como cifras lembra que o déficit do sistema nacional de saúde está próximo aos 23 mil millóns de euros. A débeda do Estado español está próxima á totalidade do PIB, aproximadamente 900 mil millóns de euros. A débeda herdada en Galicia do bipartito era de 2.600 millóns de euros. Malia isto, a comunidade non tivo que tomar medidas como algunhas que se fixeron noutras comunidades: o cobro de 1 euro por receita, peche de centros de saúde, peche de hospitais, adianto da achega da prestación farmacéutica por parte do usuario (grazas á implantación da receita electrónica tan criticada). A pesar da situación económica a nosa comunidade segue apostando no tema das infraestruturas. O Plan director do Complexo Hospitalario de Ourense, onte mesmo 58 millóns de euros. A Sra. Morenza fala da robótica e máis ben parece que é ela a que está rebotada. O investimento final no Complexo Hospitalario de Ourense superará os 93 millóns de euros (proxecto incluído no Hospital 2050). Na pasada lexislatura tamén se iniciou o proxecto de xestión integrada, que na provincia de Ourense permitirá a mellor coordinación dos hospitais e de atención primaria. Deste xeito, os hospitais de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras estanse xestionando tendo en conta o proceso do paciente e favorecendo a cobertura de especialidades nos hospitais que non existan, evitando os desprazamentos de pacientes xa que se despraza o especialista. A xestión integrada tamén permite a coordinación da primaria co hospital, evitando duplicidade de probas e colocando ao paciente no centro do sistema. Este modelo de xestión permite cubrir as necesidades de atención primaria en función do número de tarxetas sanitarias, considerando como óptimo que cada médico teña unha media de 1000-1200 tarxetas individuais de asistencia sanitaria. Isto foi o que motivou que algúns médicos fosen situados noutros concellos. No eido da saúde mental dignificouse a hostalería dos pacientes que estaban en Toén, trasladándoos a Piñor, mantendo o mesmo ratio persoal asistencial que existía en Toén, o máis alto da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

Comunidade Autónoma. Por último, a política levada a cabo na racionalización da prestación farmacéutica (o chamado catálogo priorizado) é pioneiro en España e permite que sigamos tendo unha sanidade en Galicia sostible, xa que con esta medida se aforran máis de 100 millóns de euros ao ano. Para resumir, nunha conxuntura de graves dificultades económicas e cunha poboación tan envellecida, Galicia está no bo camiño. Anuncia que votarán en contra da moción, porque non se pode votar en contra do que non se empezou, o desmantelamento da sanidade pública.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, dille ao portavoz popular que os datos que achegou (que están facilitados polos profesionais) demostran que se está producindo un desmantelamento da sanidade pública en Ourense. Isto veo todo mundo: profesionais, pacientes, usuarios dos centros de saúde, etcétera. Os únicos que parecen non velo son os membros do grupo de goberno. Dille tamén que ela non está rebotada, ao contrario, en canto ao anuncio que fixo no día de onte o presidente da Xunta de Galicia espera que non sexa unha operación de maquillaxe e unha manipulación informativa, senón que os fai estar moi contentos con esta nova, pero lembra que este investimento xa foi anunciado en reiteradas ocasións. Primeiro anunciouse o informe sobre a licitación, un ano despois anúnciase o informe sobre a execución da licitación, agora anúnciase o acordo polo que se autoriza a licitación e pregúntase cando se van licitar as obras, cando se van facer e cando se vai aprobar a partida orzamentaria. O Grupo Socialista alégrase de que se faga o Hospital 2050, pero ata a prensa o toma como unha *chirigota*, xa que hai titulares de prensa que din “*Feijóo vuelve a presentar el Hospital 2050 ahora en maqueta*”. Quen padece os recortes é a cidadanía (camas, atención primaria ...). O portavoz popular di que se reducen médicos no rural en función do número de tarxetas, pero ese non é o criterio, porque o profesional que se teña que desprazar para ir atender a un paciente a un lugar lonxe de onde está o centro de saúde, ese centro de saúde queda desasistido durante todo o tempo que dure o desprazamento. Reitera á redución á metade dos profesionais dos centros de saúde que nomeou na súa anterior intervención, esperando que isto non vaia a máis. Os propios médicos xa advertiron do afondamento do sistema nacional de saúde. Tamén pode falar do que está acontecendo en Vigo, en Galaria (o antigo MEDTEC) onde xa se anunciou que se ía reducir a actividade cirúrxica en cardioloxía e en tratamentos de cancro. O Grupo Socialista quere o mellor para a provincia de Ourense, por iso presentan esta moción, debido a que existen queixas de depauperación da sanidade na provincia e existen datos, como o de que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

dúas persoas teñan que compartir habitación nun lugar onde só cabe unha cama e teñan que ter a roupa en bolsas de plástico. Pregúntase se isto é calidade da sanidade.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que o informe do portavoz do Grupo Popular e o que din os profesionais son como a noite e o día. O BNG failles máis caso aos informes dos profesionais que son os que están vivindo a situación e porque advirten (supón que con boa fe) que o noso sistema sanitario cada vez vai ser máis inxusto e máis desigual. Pensa que habería que botar man disto e non maquillar datos dicindo que estamos no mellor dos países posibles. Os mesmos médicos recoñecen que hai unha lista de espera estrutural que non se coñece e que hai un deterioro da sanidade pública e isto alguén o ten que parar.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que estar mellor que noutros sitios é unha evidencia, e nunca dixo que estabamos no país das marabillas, senón que dixo que dentro das dificultades económicas e das peculiaridades da nosa terra iamos polo bo camiño. A Sra. Morenza segue sen querer ver a realidade, polo que vai dar máis datos en relación co cronograma de actuacións do expediente de 58 millóns de euros, xa que un expediente desta categoría ten moitos pasos administrativos necesarios, como calquera expediente de contratación. Manifesta que non está previsto pechar ningún PAC. Para nada hai lista de espera nas analíticas, o que si hai é a súa programación. En canto á seguridade e a vixilancia di que isto xa está externalizado desde hai tempo. En canto á supresión no número de médicos nos concellos, e incluso enfermeiras (cre que hai dous ou tres supostos en toda a provincia), reitera que non se fai por capricho senón que é unha reordenación dos recursos humanos dada a situación. O número estipulado de tarxetas sanitarias está entre 1200 en concellos de elevada dispersión de poboación e 1500 en concellos coa poboación máis concentrada. Agradece que se lembren do seu concello onde só quedan con un. Lembra que cando gobernaba o bipartito (aínda que daquela a consellería correspondente era do BNG) un médico de Cartelle levárono para Celanova; un médico de Vilardevós levárono para Verín e un de Trasmiras levárono para Xinzo, e incluso Trasmiras hoxe ten 1.400 tarxetas. Nunca houbo dúas enfermeiras (polo menos nos concellos polos que el se move) agás en casos moi excepcionais, entón non se pode quitar unha onde só hai unha. Manifesta que o Hospital de Piñor é público e seguirá sendo público e é unha evidencia que os enfermos están moito mellor atendidos que en Toén. E o hospital de Toén será público e estará en uso en breve. Lembra que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

en días pasados se entregaron uns premios importantes en España e unha persoa acabou disparando contra o mundo (e ese mundo era o PP) dicindo que lle morrera un familiar importante nun hospital no que non había nin mantas, pero non dixo que o presidente do goberno naquel momento non era do PP. Pídelle á Sra. Morenza que se alegre do acordo que se adoptou no día de onte na Xunta de Galicia que supón estará avaliado cos informes preceptivos da intervención. Para rematar quere dicir que o Sr. Gómez Pérez no punto anterior puxo en dúbida a limpeza sindical do concello de Ourense, e neste sentido pensa que os representantes sindicais son elixidos polos traballadores, non polos políticos.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, dille ao portavoz popular que si se alegrou moito no día de onte co acordo que se adoptou na Xunta, non por ela senón por toda a provincia. Ela está falando de persoas e o portavoz popular fala de números; ela fala de calidade na sanidade e o portavoz popular de rendibilidade. En canto á privatización do mantemento di que hai 94 traballadores do servizo de mantemento da zona integrada sanitaria de Ourense que están á expectativa de decisión que adopte o Partido Popular. Agora, despois de tanto tempo, dise que o Hospital de Toén vai ser público e neste sentido pídelle ao portavoz popular que anuncie o que se ten pensado facer con el, xa que é un hospital moi importante para todos os ourensáns. O Grupo Socialista non presenta esta moción no sentido catastrofista do que se fala, senón que a presentan en sentido positivo, para frear o desmantelamento da sanidade pública, que esa é a realidade da provincia de Ourense.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2) e o voto en contra dos deputados presentes do Grupo Popular (14), polo que a moción queda rexeitada.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que no transcurso do debate da moción que el defendeu (punto 8º da orde do día) dixéronse cousas que non son verdade e rógalle á Presidencia que llo transmita ao deputado que interveu no debate da moción, xa que unha das cousas que dixo foi que o portavoz do BNG de Xinzo non estivera no Pleno do Concello cando se tratou ese asunto. Neste sentido quere aclarar que aquel Pleno do concello se convocou con carácter extraordinario e nese momento si é verdade que o representante do BNG no Concello

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

estaba ausente por motivos persoais, pero comunicou tal circunstancia por escrito e na forma regulamentaria e non obstante, ese mesmo día, presentouse un escrito por rexistro anunciando o apoio do BNG á moción que se debatía no Pleno do 19 de xullo de 2012 (algo que non se dixo hoxe).

O **Sr. presidente** contéstalle que lle trasladará ao deputado as aclaracións feitas polo portavoz do BNG.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia que vai facer varias preguntas: a primeira está relacionada cos GRUMIR e pregunta se a Xunta de Galicia se dirixiu para algo a esta Deputación en relación con este tema. Pregúntalle á Presidencia que opinión lle merece a actual reforma da Lei de bases de réxime local que impulsou o goberno do Partido Popular, que condena aos pequenos concellos a ser administracións de segunda categoría. En canto á RPT pregúntalle á Presidencia se ten coñecemento de que na RPT existe unha praza de cociñeira no Centro Cultural e cales son as súas funcións. Pide que se lles explique como sen haber na RPT unha praza de fotógrafo hai un funcionario que está todo o día tras o presidente desempeñando este labor cando na RPT figura como auxiliar de administración. Pide que se lles informe das sucesivas cesións ilegais de persoal desta Deputación aos concellos que se están denunciando no Xulgado do Social.

O **Sr. presidente** responde o seguinte: en relación cos GRUMIR, contesta que a Xunta de Galicia si que se dirixiu a esta Deputación a través do seu vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para falar do futuro financiamento dos grupos de emerxencia da provincia de Ourense, e ese é o compromiso xa comunicado e explicado diante da FEGAMP (achega do 20% do custo aproximado). En relación co seu criterio sobre a reforma da lei, manifesta que aínda se está no momento inicial da súa tramitación e hai pros e contras, incluso desde a FEMP e desde esta Deputación xa se fixeron chegar unha serie de achegas das que lle dará traslado e di que non coñece a ningún alcalde do Partido Popular desta provincia que dixera que abandonaba o partido nun momento como este, no que aínda se está a falar de cómo está esta situación. Di que xa manifestou a súa postura en canto á reforma de suplir servizos públicos en determinados concellos, tamén falou das retribucións dos alcaldes e dixo que lle parecía que todo alcalde, con independencia do tamaño poboacional do seu concello, ten dereito a unha retribución se ese é o seu traballo e se o desempeña en exclusiva (en Ourense son 17 os concellos de menos de 1.000 habitantes e case 4.800 no conxunto de España). En canto se lles dea audiencia e se dispoña

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

dun texto máis elaborado lles dará traslado das súas opinións, e tamén agradecería calquera achega que se poida facer desde os grupos da oposición. En canto á existencia na RPT dunha praza de cociñeira no Centro Cultural, cédelle a palabra ao Sr. secretario para que aclare ese aspecto.

O **Sr. secretario** manifesta que ese tema vén dun plan de ordenación de recursos humanos do ano 2005, motivado pola supresión da Escola de Capataces. A dita escola dispoñía de internado polo que, naquel momento, había dúas cociñeiras (unha xa está xubilada) que tiñan o carácter de persoal laboral fixo. Cando se tomou o acordo de suprimir a Escola de Capataces se elaborou un pequeno plan de ordenación de recursos humanos para recolocar ao persoal noutras dependencias da Deputación. Con isto quere dicir que na RPT figura unha praza de cociñeira pero non un posto de traballo de cociñeira.

Continúa o **Sr. presidente** e en relación coa pregunta da praza de fotógrafo, manifesta que esta cuestión xa foi formulada por escrito (non sabe se lle chegou xa a resposta ao Grupo Socialista), de todos modos informa de que na RPT non figura ningunha praza de fotógrafo e a persoa á que se refire o Sr. Gómez é un auxiliar administrativo que está facendo este tipo de traballo porque amosou a súa dispoñibilidade para facelo e así evitar “contratalo fóra”, e para contribuír para que a web da Deputación, que difunde toda a actividade desta institución, conte co material gráfico pertinente para poder divulgar ese tipo de noticias. Este funcionario dedícase a isto voluntariamente e sen que elo supoña ningún aumento de retribucións e porque así llo pide a Presidencia. En relación coas cesións e a prestación de servizos aos concellos de determinadas persoas, manifesta que é coñecedor das reclamacións xudiciais e mesmo das resolucións. É certo que hai persoas que se encontran nesa situación e é propósito da Presidencia que a dita situación teña un punto e final, para que a xente que lles presta servizos aos concellos e está pagada pola Deputación lle preste os seus servizos á Deputación.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, quere facer unha pregunta sinxela (*very easy*). Pregúntalle ao presidente se comprende todo o que asina. Se é así, dálle a nora boa, pero non toda a cidadanía está na mesma disposición de comprender e ter o mesmo nivel de entendemento de linguas estranxeiras nin o mesmo nivel económico. Isto ven a conto porque o Grupo Socialista rexistrou dúas preguntas nas que se requiría información sobre plans europeos (*Plan Climatatlantic e Imagina Atlantic*) e a resposta que se lles deu foi dun xeito moi *cool*, máis de cen folios escritos integramente en inglés e francés. Pregúntalle á Presidencia se lles vai facilitar un tradutor aos grupos políticos da Deputación ou se isto é froito dunha suxestión do Sr. presidente da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, na súa aposta polo trilingüismo como mellor opción para o noso país.

O **Sr. presidente** (en ton de broma) pregúntalle á Sra. Vázquez Blanco se quere que lle responda en inglés ou en galego e dille que comprende e entende todas as cousas que asina. O Grupo Socialista pediu unha información que lle foi facilitada e se ven nunha lingua que non comprende a Sra. deputada toma como rogo o que manifestou para que se faga un curso de formación para os empregados dos grupos políticos e así poder poñerse ao día neste tema. Na Deputación non existe un posto de tradutor de linguas estranxeiras, senón que hai un Gabinete de Normalización da nosa lingua, que é na que nos estamos expresando e na que nos debemos seguir expresando, para potenciala, respectala e promovela. En definitiva, á pregunta se é consciente de que asina dille que si; e á pregunta de se pensa que debe crearse unha praza de tradutor de linguas estranxeiras, dille que non. O que si pensa é que se algún grupo manifesta que ten dificultades para interpretar algunha información que solicita, a Deputación promoverá o curso correspondente para que as súas habilidades lingüísticas sexan melloradas.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, roga que se busque unha solución definitiva aos problemas de seguridade viaria na estrada de Toén, porque onte, 21 de febreiro, en tan só unhas horas houbo 2 accidentes, nos que se viron implicados 3 vehículos, ademais dos sucesivos incidentes que se produciron ao longo da mañá. Lembra que neste sentido o Grupo Socialista xa ten presentado iniciativas para que se mellorase esta situación. Ten outro rogo, vinculado tamén á seguridade nesa estrada, e é que se lles responda a unha pregunta presentada hai días sobre a habilitación de pasos de peóns en varios tramos, aproveitando que traballadores da Deputación están ultimando traballos dunhas obras de urbanización na zona estes días. En definitiva, pide que lles responda dalgún xeito cales son as actuacións na zona. Tamén quere formular unha pregunta en relación co que teñen manifestado en varias ocasións sobre o seu malestar porque constataron que en diferentes momentos un traballador da Deputación ven exercendo outro traballo en horario laboral (concretamente o de procurador), e pregúntalle á Presidencia se ten pensado facer algo ao respecto.

O **Sr. presidente** responde que si ten pensado facer algo ao respecto, unha vez que constate cal é a situación dese traballador en concreto. En canto aos rogos, responde que se van atender e tan pronto remate este Pleno falará co Servizo de Vías e Obras para ver en que situación se atopan. Toma nota no rogo relacionado coa estrada de Toén, e a maiores, e sobre e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

a información que solicitaba o alcalde de Amoeiro e que reiteradamente se lle lembrou esa obriga pola Sra. Morenza, informa que lle foi remitida estes días.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, pregúntalle á Presidencia que opinión lle merece que o deputado provincial José Antonio Feijóo Alonso estea acusado pola Fiscalía do delito continuado de coaccións. Pregúntalle tamén que opinión lle merece que o deputado provincial don Argimiro Marnotes Fernández estea imputado por revelación de segredo e tráfico de influencias. Pregúntalle á Presidencia se ten coñecemento de que no Centro Ecuestre da Deputación de Ourense (Sandiás) se están a levar a cabo posibles alleamentos de bens relacionados cos anexos do proxecto de concesión e se contan coa autorización desta casa. Gustaríalle saber como se están constituíndo as brigadas de medio ambiente co persoal procedente do Centro Ecuestre, que traballadores as conforman, onde están actuando e se existe un plan mensual, semanal ou doutro tipo.

O **Sr. presidente** responde que, empezando polo tema das brigadas medioambientais, lle fará chegar un informe en relación con todas as cuestións que acaba de formular, en canto á composición, programación, etcétera. En relación cos dous deputados aos que se mencionou, en canto ao Sr. Feijóo Alonso di que non lle consta que recibise ningunha notificación xudicial en relación con ningún asunto a día de hoxe, polo que non se vai pronunciar agás remarcar que a presunción de inocencia debe presidir todas as relacións nunha sociedade democrática e tolerante como debe ser esta. Presunción de inocencia que pide tamén para don Argimiro Marnotes, que si recibiu unha notificación para declarar o día 8 de marzo e aclarar calquera cuestión ante o órgano xurisdiccional competente. En relación co alleamento de determinado material ao que se referiu a Sra. Lama no Centro Ecuestre, manifesta que coñece que está en marcha unha poxa en relación coa maquinaria agrícola da institución, e se as manifestacións non se refiren a isto, dille á Sra. Lama que lle remitirá toda a información precisa en relación co asunto.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que a información que ten é que está desaparecendo material de rega que consta no prego de cláusulas de concesión destas instalacións e, ao parecer, se están intentando vender os silos, que non aparecen no prego de cláusulas, así como o intento de ocupar unhas naves que non forman parte desta instalación (naves pertencentes ao INORDE) que a persoa concesionaria da instalación quere ocupar.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 22 de febreiro de 2013
--

O **Sr. presidente** manifesta que toma nota do dito e que terá cumprida resposta en relación co asunto.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, quere intervir (como se fixo alusión á súa intervención) para reiterar que o portavoz do Bloque Nacionalista Galego en Xinzo de Limia, Ramiro Rodríguez Suárez, non asistiu ao plenario do día 19 de xullo de 2012. Si é certo que presentou un escrito ao que contestou o Sr. secretario do concello no seguinte sentido: *los votos son personales y tienen que ser emitidos en el seno de la propia sesión plenaria*. Con isto quere dicir que el non faltou á verdade, xa que a persoa referida non asistiu ao plenario, que foi o que el manifestou na súa intervención anterior.

O **Sr. presidente** manifesta que lle trasladará o asunto ao portavoz do BNG.

E, ás 14:25 horas do citado día vinte e dous de febreiro de dous mil trece, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,